

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Curso 2021-22

Centro educativo: IES de Sar (Santiago de Compostela)

Código Centro: 15027319






Xefa dpto.: M<sup>a</sup> Luísa Olveira Rama

## ÍNDICE

▷ Introducción e contextualización.....	p. 3
▷ Normativa .....	p. 3
▷ Programación Economía 4º ESO .....	p. 4
▷ Programación de Economía 1º Bacharelato .....	p. 18
▷ Programación de Introducción á Xeopolítica contemporánea ..	p. 35
▷ Programación de Economía da Empresa .....	p. 50
▷ Programación de Xeopolítica contemporánea .....	p. 67
▷ Plan lector.....	p. 82

## Introdución e contextualización

A presente programación recolle as seguintes materias:

-  Economía de 4º ESO (3 horas )
-  Economía de 1º Bacharelato (4 horas).
-  Introducción á Xeopolítica Contemporánea, de 1º Bacharelato (1 hora)
-  Economía da empresa, de 2º Bacharelato (4 horas)
-  Xeopolítica Contemporánea, de 2º Bacharelato (1 hora)

Algunhas das características do centro son as seguintes:

- ✓ Alumnado de ESO procedente maioritariamente de Santiago e arredores ( Sigüeiro, Teo, Ames, Brión...), pero hai unha porcentaxe significativa de estudantes de orixe estranxeira (Marrocos, Cuba e Venezuela, principalmente).
- ✓ O centro de primaria do que chega a maior porcentaxe de alumnos é o CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, en Lavacolla.
- ✓ Algúns nenos, particularmente os que proceden da zona de Lavacolla, pero tamén doutros lugares da periferia de Santiago, pasan moito tempo cada día no autobús, e vense obrigados a madrugar máis que o alumnado do centro e a comer nun tempo récord. Todo isto repercute no rendemento académico.
- ✓ Aproximadamente o 20% de alumnado de ESO afirma ter sufrido bullying no centro anterior.
- ✓ O IES de Sar recibe alumnado de FP Básica matriculados no CIFP Compostela.

No centro impártense:

- E.S.O. ( 7 unidades)
- 1º Bacharelato (3 unidades entre Bacharelato Artístico, 1 de Ciencias, e 1 de Humanidades e CCSS)
- 2º Bacharelato (4 unidades)
- F.P. Básica de Artes Gráficas e FPB de Cociña.

## Normativa

Esta programación foi elaborada segundo a normativa que figura a continuación:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, ou LOMCE
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

## PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA 4º ESO

1. Introducción .....	p. 5
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:	
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia .....	p. 5
- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza Telemática .....	p. 5
- Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo Alumnado .....	p. 5
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	p. 5
4. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	p. 6
5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas .....	p. 6
6 . Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais .....	p. 6
7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de :	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos .....	p. 10
- Temporización .....	p. 10
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	p. 12
- Procedementos e instrumentos de avaliación .....	p. 12
8. Concrecións metodolóxicas da materia .....	p. 13
9. Materiais e recursos didácticos .....	p.13
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado .....	p. 13
11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes .p.	14
12 . Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach ) ..	p. 14
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	p. 14
14. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados .....	p. 27
15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital .....	p. 27
16. Concreción dos elementos transversais en cada curso .....	p. 27
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento .....	p. 27
18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora .....	p. 27

## 1 Introducción

En 4º de ESO, a materia de Economía aporta ao alumnado unha visión sobre o comportamento e relacións entre os axentes económicos, e busca subministrarlle ferramentas para comprender noticias e artigos con relevancia económica.

Desenvolve capacidades como a lectura, a análise, a comunicación oral e escrita, a educación cívica, a competencia matemática e competencias en tecnoloxía.

Este curso comeza Edixgal en 4º ESO. Economía acolleuse ao programa, polo que parte do material didáctico se vai entregar ao alumnado en formato dixital.

Hai 8 persoas matriculadas na materia.

## 2 Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial

### - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

O material didáctico estase subindo a classroom.<sup>33</sup> No caso de ensino non presencial, poderase combinar classroom con videoconferencias a través da aplicación Meet.

### - Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

Para quen só se poida conectar mediante móbil e o centro non lles poida prestar un portátil, empregárase o correo electrónico.

Quen non dispoña de ningún medio telemático recibirá o material impreso. Contactarase coa familia para que o recolla periodicamente no centro e para que comunique por escrito as dúbidas e solicite material adicional.

### - Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

a. Informarase ao titor sobre:

- alumnado que non se conecte
- alumnado que se conecta pero non entrega as tarefas

b. Tentarase de contactar co alumno e, se é menor de idade, cos pais ou tutores, vía classroom e acordarase con eles una vía para levar a cabo a actividade non presencial.

## 3 . Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Economía de 4º ESO desenvolve as competencias matemática, social e cívica, a iniciativa e o espírito emprendedor. Dedicaranse entre 6 e 9 clases ao programa de educación financeira creado polo Banco de España, para desenvolver a competencia financeira do alumnado desta etapa educativa.

6

O currículo desta materia contribúe a acadar as seguintes competencias:

- a Competencia en comunicación lingüística. Ao rematar o curso, o alumno deberá comprender artigos de contido económico extraídos da prensa xeneralista e analizalos.
- b Competencia matemática. Aportaranse ferramentas de análise matemático e fomentaranse o razoamento para resolver temas da vida cotiá.
- c Competencia no tratamento da información e competencia dixital. O alumnado deberá empregar internet e aplicacións informáticas para obter información e para expoñela. Ha de aprender a atopar información relevante e veraz.
- d Competencia para aprender a aprender. O profesor é un facilitador, pero o alumno é o protagonista do proceso de aprendizaxe. É tarefa do profesor fomentar a súa curiosidade e autonomía.
- e Competencia social e cívica, a través de temas como o desenvolvemento sustentable, a pobreza, as repercusións da actividade económica no entorno ou a globalización.
- f Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Impregna os contidos de Economía.
- g Conciencia e expresións culturais. Aínda que en menor medida que outras materias, a Economía, particularmente o último bloque (economía internacional) contribúe a desenvolver esta competencia.
- h Competencia financeira. Os contidos abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, ou a elección dos instrumentos de financiamento axeitados a cada caso.

#### 4 Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Non se imparte Economía en 3º ESO.

#### 5 Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas

Non se imparte Economía en 3º ESO.

#### 6 Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais

Os que establece o currículo da materia:

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a d</li> <li>▪ f</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</li> <li>▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas.</li> <li>▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.</li> <li>▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h o</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos.</li> <li>▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.</li> <li>▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.</li> <li>▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCC T</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.</li> <li>▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ m</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a.</li> <li>▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.</li> <li>▪ B2.3. Clases de empresas.</li> <li>▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.</li> <li>▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</li> <li>▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

			se observan.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.</li> <li>▪ B2.6. Sectores da actividade económica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.</li> <li>▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.</li> <li>▪ B2.9. Resultados da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.</li> <li>▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>Bloque 3. Economía persoal</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d e</li> <li>▪ f</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.</li> <li>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.</li> <li>▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.</li> <li>▪ ECB3.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a d</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Planificación económico-financiera:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



	necesidades económicas nas etapas da vida.	alternativas económicas da vida persoal, e relacionadas co benestar propio e social.	asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	
▪ a ▪ f	▪ B3.4. Aforro e endebedamento. plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación.	▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.  ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	▪ CAA ▪ CSC  ▪ CAA ▪ CSC
▪ a b ▪ e f ▪ g ▪	▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: tarxetas de débito e crédito e contas. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Dereitos e responsabilidades d@s consumidores/as no mercado financeiro. Implicacións dos contratos financeiros.	▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.  ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	▪ CCL ▪ CMCC T  ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
	Economía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.  ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	▪ CAA ▪ CD  ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCC T
▪ e f ▪ g ▪	▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
	<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>			
▪ a b ▪ e	▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e	▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais	▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así	▪ CMCCT ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g ñ</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>	<p>gastos do Estado.</p>	<p>fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.</p>	<p>como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.</li> <li>▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.</li> <li>▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a e</li> <li>▪ f</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> <li>▪</li> <li>▪ a c</li> <li>▪ d e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.</li> <li>▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<p>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Tipos de xuro.</li> <li>▪ B5.2. Inflación.</li> <li>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.</li> <li>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.</li> <li>▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCC</li> </ul>
<p>Economía. 4º de ESO</p>				
<p>Obxectivos</p>	<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Compe- tencias clave</p>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.</li> <li>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.2.3. Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Bloque 6. Economía internacional				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Globalización económica.</li> <li>▪ B6.2. Comercio internacional</li> <li>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea</li> <li>▪ B6.4. Economía e ambiente: sostibilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

## 7 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de :

### - Obxectivos e contidos desenvolvidos

Figuran na táboa anterior. As letras correspóndense cos obxectivos fixados no artigo 23 da LOE-LOMCE, que establece que a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse en e coñecemento, a lectura e o estudo da literatura. i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### - Temporización

Será flexible en función das necesidades e o ritmo de aprendizaxe do alumnado e, en menor medida, das actividades extraescolares organizadas polos diversos departamentos do centro.

En principio, será a seguinte:

- 1º TRIMESTRE: Bloques 1 e 2
- 2º TRIMESTRE: Bloques 3 e 4
- 3º TRIMESTRE: Bloques 5 e 6
- Bloque I: Ideas económicas básicas. Corresponde ás unidades 1 e 2 do libro de texto
- Bloque II: Economía e empresa. Unidades 3 e 4
- Bloque III. Economía persoal. Unidades 5, 6 e 7
- Bloque IV. Macroeconomía: crecemento, inflación e desemprego. Unidades 8 e 9
- Bloque V. O papel do Estado. Unidade 10
- Bloque VI. Economía internacional. Unidades 11 e 12

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

O alumnado superará a materia se obtén ao menos o 50% nas notas de clase e da nota total dos exames en cada trimestre.

Mínimos esixibles para superar a materia:

- Concepto de escaseza
- Confeccionar gráficos de equilibrio de mercado
- Comprender os principios básicos da economía
- Dominar conceptos como: axente económico, ben de produción, ben substitutivo, ben complementario
- Manexar conceptos macroeconómicos básicos: elasticidade, inflación, desemprego, PIB
- Manexar con corrección un vocabulario financeiro básico
- Comprender textos sinxelos de contido económico
- Calcular custos, ingresos, o resultado económico, a produtividade laboral

### - Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliarase:

- a A participación de cada alumno no desenvolvemento da clase.
- b A correcta realización dos exercicios, sempre que estean feitos polo alumno/a alumna a cualificar.
- c A calidade dos traballos individuais e por equipo presentados e a súa exposición oral.
- d A proba escrita trimestral

Instrumentos de avaliación:

- preguntas de seguimento
- exames
- as realización das actividades propostas
- as exposicións orais de traballos individuais e en equipo

O alumnado que no faga os exercicios pretextando que non ten consigo o material escolar obterá unha cualificación de 0 nos exercicios da unidade correspondente.

## 8. Concrecións metodolóxicas da materia

A práctica docente terá como finalidade:

- ✗ facilitar a construción de aprendizaxes significativas, relacionando o que o alumno xa sabe cos novos contidos
- ✗ favorecer a autonomía do alumnado no proceso de aprendizaxe e na selección de contidos na rede
- ✗ fomentar a autoestima do alumnado, particularmente do que presenta dificultades de aprendizaxe
- ✗ promover o traballo en grupo

Combinaranse estratexias de exposición e de indagación ou descubrimento, segundo o tipo de contido. Seguirase un enfoque eminentemente práctico. As explicacións deben ser breves e fomentar a interacción co alumnado, que logo debe traballar os contidos da cada unidade a través de exercicios e

traballos, apoiándose no libro de texto e coa axuda de internet. As TIC formarán parte esencial da metodoloxía da materia.

## 9. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto obrigatorio para Economía 4º ESO é o elaborado por Anxo Penalonga para a editorial McGraw Hill (ISBN 978-84-486-1858-2).

Para a impartición da materia é imprescindible un proxector, un ordenador con acceso a internet e os ultraportátiles do programa Edixgal. Utilizaranse blogs, xornais online, xogos interactivos,...

## 10 . Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Procedemento para obter a cualificación de cada trimestre:

- Os exercicios individuais e a participación, 30%
- Os traballos, expostos sen ler ante o resto da clase e a profesora, 10%. Se non se asignan traballos, a cualificación dos exercicios individuais e a participación será do 40%
- A nota do exame trimestral, 60 %
- A actitude. Un mal comportamento cos compañeiros, coa profesora, o uso do teléfono móbil sen permiso, condutas disruptivas,... poden supoñer ata 2 puntos de desconto na nota do trimestre, ademais das correspondentes amoestacións. Cada vez que un alumno/unha alumna sexa visto/a empregando internet para fins alleos á aprendizaxe da materia comunicaráselle ao titor ou titora do grupo e descontarase 0,1 puntos da nota do trimestre correspondente. Se a conduta se repite, o desconto será de 0,2 puntos. A partir da terceira conexión a internet non permitida, o alumno/a alumna deberá abandonar a clase en non volver ata a seguinte sesión; se a falta se cometera nos últimos momentos da sesión, o alumnado reincidente será sancionado con non asistir á clase seguinte día. En todo caso, informárase aos pais.

Para superar a materia é necesario acadar como mínimo o 50% da nota total dos exames e das notas de exercicios, traballos e participación.

Porén, o alumnado poderá superar a materia se:

- realiza correctamente os exercicios e traballos e as exposicións orais, e
- acada como mínimo un 30% da puntuación total do exame.

O alumnado que non aprobe o exame de cada trimestre non poderá obter máis de 5 puntos na avaliación correspondente.

## 11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente.

O alumnado que non supere algún trimestre deberá realizar, no período que vai do 6 de xuño ao 22 de xuño:

15

- Actividades de recuperación dos trimestres non superados
- Para cada trimestre non superado, unha proba baseada nas actividades de recuperación propostas.

Na cualificación da avaliación extraordinaria de xuño teranse en conta:

- As cualificacións obtidas nas actividades de recuperación (unha actividade non realizada ou copiada, supón 0 puntos). Ponderación: 30%
- A puntuación obtida en cada trimestre a recuperar. Ponderación: 70%

Na convocatoria extraordinaria de xuño non se pode obter unha nota superior a 5 puntos sobre 10. O alumnado debe obter como mínimo un 3/10 no exame para superar o curso.

O alumnado que supere o curso na avaliación ordinaria de xuño deberá realizar comentarios de textos económicos e exposicións orais de contidos do curso, ampliados.

## 12 Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach)

---

## 13 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORAS
1	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
2	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos.		
3	Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ao Proxecto Curricular de Etapa, á programación didáctica no caso de secundaria e , sobre todo, axustado sempre, o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos.		
4	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.		
5	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesores de apoio).		
6	Presento situacións introdutorias ao tema a tratar ( traballos, diálogos, lecturas)		
7	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		

8	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos		
9	Estruturo os contidos dando unha visión xeral de cada tema		
10	Facilito a adquisición de novos contidos a través de esquemas, exemplos, sínteses,...		
11	Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).		
12	Propoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.		
13	Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.		
14	Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
15	Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenden a tarefa a realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, ...		
16	Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro a participación de todos....		
17	Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dando pistas, feedback,...		
18	As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.		
19	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos y reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.		
20	Fomento o respecto y la colaboración entre los alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.		
21	Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora del aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
22	Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloraras, e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
23	Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores, o do Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica e/ou Departamento de Orientación.		
24	En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en corto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición.		



25	Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe., as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanzaaprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).		
26	Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.		
27	Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comenzos de un tema, de Unidade Didáctica, de novos bloques de contido...		
28	Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos (conceptuais, procedimentais, actitudinais).		
29	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información ( rexistro de observacións, carpeta do alumno, ficha de seguimento, diario de clase, taboleiro de anuncios,...)		

## 14 Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados

Ninguén do alumnado estudou anteriormente a materia.

## 15 Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

As medidas a tomar en relación á atención á diversidade dependerán da situación de cada alumno. Non foi detectada ningunha dificultade de aprendizaxe. Se xurde algunha, combinarase a atención individualizada co subministro de material suplementario e a titorización a través de classroom.

Respecto á fenda dixital, en principio todo o alumnado desta materia dispón como mínimo de teléfono intelixente con datos. Se se detectara a alumnado sen ningún acceso a internet, falaríase co titor/titora do grupo para buscar unha solución. En último caso, o alumno/alumna recibiría o material impreso.

## 16 Concreción dos elementos transversais en cada curso

- Consumo responsable
- Coidar o medio ambiente e reciclar
- Concienciar sobre a lacra da pobreza
- Concienciación sobre a necesidade de xestionar ben e de penalizar a corrupción e a economía somerxida
- Comprender por que non se debe defraudar impostos
- Igualdade entre homes e mulleres, na vida social e na laboral. Combater o sexismo

## 17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

- Vaise tentar de realizar o programa de educación financeira do Banco de España ou outro similar.
- Se a situación sanitaria o permite, organizarase unha excursión lúdico-deportiva de fin de semana.

## 18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Ao longo do curso, a profesora adaptará a metodoloxía e os recursos empregados se se revelan insuficientes ou inadecuados para o proceso de aprendizaxe do alumnado ou dunha parte do mesmo.

- .

## PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA (1º Bacharelato)

1. Introducción .....	p. 20
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:	
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia .....	p. 20
- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática ..	p. 20
-Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	p. 20
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	p. 20
4. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	p. 21
5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas .....	p. 21
6 . Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais	p. 21
7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de :	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos .....	p. 27
- Temporización .....	p. 28
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	p. 28
- Procedementos e instrumentos de avaliación .....	p. 29
8. Concrecións metodolóxicas da materia .....	p. 31
9. Materiais e recursos didácticos .....	p. 31
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado .....	p. 31
11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes .....	p. 32
12 . Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach ) .....	p. 32
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	p. 32
14 . Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados .....	p. 44
15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital .....	p. 44
16. Concreción dos elementos transversais en cada curso .....	p. 44
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento .....	p. 45
18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora .....	p. 45

## 1. Introducción

A Economía de 1º de Bacharelato profunda nos coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria. Serve tamén como introdución á materia de Economía da Empresa, de 2º de Bacharelato. Busca dar unha formación básica en micro- e macroeconomía ao alumnado. Este deberá dominar conceptos como a inflación, o PIB, a taxa de desemprego,... Tamén se intenta formalo como cidadán responsable,, a través das unidades dedicadas ao desenvolvemento e á pobreza, e como consumidor, co estudo dos modelos de mercado.

Esta materia troncal de opción ten asignadas 4 sesións semanais. Hai 14 estudantes matriculados.

## 2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:

### - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

O material didáctico estase subindo a classroom. No caso de ensino non presencial, poderase combinar classroom con videoconferencias a través da aplicación Meet.

### - Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

Para quen só se poida conectar mediante móbil e o centro non lles poida prestar un portátil, empregárase o correo electrónico para resolver as dúbidas.

Quen non dispoña de ningún medio telemático recibirá o material impreso. Contactarase coa familia para que o recolla periodicamente no centro e para que comunique por escrito as dúbidas e solicite material adicional.

### - Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado a.

Informarase ao titor sobre:

- alumnado que non se conecte
- alumnado que se conecta pero non entrega as tarefas

b. Tentarase de contactar cos pais ou titores, ou co alumno/coa alumna se é maior de idade, vía classroom e acordarase con eles una vía para levar a cabo a docencia non presencial de quen non entrega as tarefas e/ou non se conecta ás videoconferencias.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Moitas das actividades propostas nas unidades didácticas están contextualizadas e relacionadas coa vida cotiá, co fin de facilitar a aplicación e transferencia do aprendido na aula. Fomentarase o traballo colaborador e a lectura de noticias de contido económico nos xornais e revistas. A partir de noticias de

economía terán lugar debates, que ademais de permitir aplicar o aprendido e ser motivadores, facilitan o adestramento das habilidades sociais.

As competencias que a LOMCE establece que debe contribuír a desenvolver a educación son tratadas en Economía da seguinte maneira:

- Comunicación lingüística (CCL). Desenvólvese mediante a lectura de xornais, a terminoloxía propia da Economía, e a realización de debates.

Unidades que contribúen ao desenvolvemento desta competencia: todas, en maior ou menor medida.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Presentarase ao alumnado exercicios que esixen aplicar estratexias para definir problemas, resolvelos, elaborar solucións, analizar resultados, etc.

Unidades que desenvolven a competencia matemática: 3, 4, 8

- Competencia dixital (CT). Fomentarase que o alumnado mellore a busca e selección de información en medios dixitais, en diferentes aplicacións e formatos, así como o emprego adecuado desa información. Todas as unidades didácticas contribúen á consecución desta competencia.

- Competencia para aprender a aprender (CAA). Moitos dos coñecementos que se adquiren a través desta materia teñen un carácter instrumental. Así, os contidos, exercicios, lectura de textos e posterior comentario, debates,... fomentan a análise, as dotes de observación da contorna, a iniciativa e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

- Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto polas opinións dos demais. Por outra parte, os coñecementos económicos permiten formarse una opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas económicos reais. Todas as unidades contribúen ao logro desta competencia, e especialmente a 15 e a 16.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Os conceptos económicos básicos, que inclúen a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas,... fomentan a iniciativa persoal.

Contribución ao desenvolvemento desta competencia: desde o primeiro día de curso, foméntase que o alumnado propoña actividades ou expoña información económica obtida fora da aula.

#### 4 Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

En 1º bacharelato, non hai aprendizaxes que o alumnado non puido adquirir o curso pasado.

#### 5 Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas

---

#### 6 Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.</li> <li>▪ B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</li> <li>▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas.</li> <li>▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.</li> <li>▪ B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 2. A actividade produtiva				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

			participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. División técnica do traballo. Produtividade e interdependencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.</li> <li>▪ ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.4.1. Distingue e interpreta os</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> </ul>		empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>obxectivos e as funcións das empresas.</li> <li>▪ ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade.</li> <li>▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.</li> <li>▪ ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Función de produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>

		partir dun caso dado.	marxinal, a partir de supostos dados.	
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.</li> <li>▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.</li> <li>▪ B3.3. Equilibrio do mercado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia.</li> <li>▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 4. A macroeconomía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroe-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Gasto.</li> <li>▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.</li> <li>▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro.</li> <li>▪ B4.4. Os vínculos dos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>conómicas como indicadores da situación económica dun país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>



	<p>problemas macroeconómicos e a súa interrelación.</p>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, análizaas e interpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.</li> <li>▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumido-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>		res/as, as empresas e o conxunto da economía.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Política monetaria: instrumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Banco Central Europeo.</li> <li>▪ B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, eazona sobre o seu papel e o seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 6. O contexto internacional da economía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Comercio internacional: causas e teorías.</li> <li>▪ B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Cooperación e integración económica.</li> <li>▪ B6.4. Unión Europea (UE).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias.</li> <li>▪ B6.6. Organismos económicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB6.3.2. Describe as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ p</li> </ul>	internacionais: mecanismos de regulación.	económicos internacionais na súa regulación.	implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Ciclos económicos: crises na economía.</li> <li>▪ B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.</li> <li>▪ B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso.</li> <li>▪ B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda.</li> <li>▪ ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.</li> <li>▪ ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.</li> <li>▪ ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.</li> <li>▪ ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.</li> <li>▪ ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallo e residuos, o que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

			<p>supón valorar os custos asociados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.</li> <li>▪ B7.6. O Estado na economía: funcións.</li> <li>▪ B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.</li> <li>▪ B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.</li> <li>▪ ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.</li> <li>▪ ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.</li> <li>▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.</li> <li>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.</li> <li>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.</li> <li>▪ B7.5. Ciclos da empresa</li> <li>▪ B7.6. Período medio de maduración</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.</li> <li>▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.</li> <li>▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>

## 7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de :

### - Obxectivos e contidos desenvolvidos

Os obxectivos veñen recollidos na táboa anterior. As letras correspóndense co

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
- i Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### - Temporización

1º trimestre: bloques 1, 2 e 3

2º trimestre: bloques 4 e 5

3º trimestre: bloques 6 e 7

Bloques do currículo:

Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica

Bloque 2. A actividade produtiva

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos Bloque 4. A macroeconomía

Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía

Bloque 6. O contexto internacional da Economía

Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do estado na Economía

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

- a Custo medio e marxinal, custo de oportunidade,
- b Ingreso medio e marxinal
- c Determinación de custos, ingresos e resultados, limiar de rendibilidade
- d Elasticidade: concepto e determinación
- e Competencia perfecta, competencia imperfecta, oligopolio, monopolio
- f Determinación do PIB e doutras magnitudes macroeconómicas relacionadas
- g Tributos. Impostos directos e indirectos. IRPF, Imposto de Sociedades, IVA
- h Como se manifesta a intervención do Estado na economía
- i Compoñentes da balanza de pagos e a súa elaboración
- j Determinar o resultado de operacións sinxelas de investimento nunha moeda estranxeira
- k Características dos países pobres
- l A integración rexional: tipos; as máis importantes
- m Comprender o proceso de creación de diñeiro bancario
- n Comprender os conceptos de poboación activa, poboación inactiva, taxa de paro,...
- ñ. Comprender artigos de contido económico publicados en xornais xeneralistas
- o. Describir o funcionamento das políticas económicas conxunturais (fiscal, monetaria) e estruturais

### - Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

- a corrección de exercicios individuais: resolución de problemas, claridade da exposición, expresión escrita,...

- a participación no desenvolvemento da clase e nos debates: expresión oral, manexo adecuado dos conceptos,...
- a exposición dos traballos individuais e/ou en grupo: selección e recollida de información, estruturación da mesma, análise de datos, explicación dos fenómenos económicos,...
- as probas escritas

## 8 . Concrecións metodolóxicas da materia

Pártese dos coñecementos previos do alumnado. A exposición de cada unidade debe ser breve, para posibilitar a construción das aprendizaxes a a partir das actividades, a lectura e comentario de textos, e a busca de información.

O docente debe ser un facilitador do proceso de aprendizaxe.

## 9 . Materiais e recursos didácticos

- O libro de texto (ed. Santillana )
- Ordenadores con acceso a internet, xa que as unidades e o resto do material didáctico se sube a classroom
- xornais e revistas online
- diversas webs: Banco de España, Banco Mundial, UE,...
- blogs de temática económica

## 10 . Criterios de cualificación e promoción do alumnado

A nota da avaliación estará formada por:

- 70% a nota media do exame do trimestre
- 30% a cualificación dos exercicios realizados e traballos expostos

Realizaranse 2 exames por trimestre.

Para superar un trimestre, o alumnado debe obter ao menos o 40% da puntuación máxima posible nos exames, sempre que a cualificación media do trimestre acade como mínimo 5 puntos sobre 10.

O alumnado que non superase unha ou dúas avaliacións ten dereito a unha recuperación por trimestre a recuperar antes do 6 de xuño. Quen non supere ningún trimestre deberá realizar o exposto no apartado seguinte.

O alumnado que realice exames de recuperación non pode obter na avaliación máis de 5 puntos.

A promoción obtense ao superar os tres trimestres.

## 11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

Hai unha alumna e un alumno que non superaron a materia o curso pasado. Acordouse con eles establecer unha tarde á semana durante o primeiro trimestre para resolver dúbidas e explicar os exercicios. Tamén se realizarán 2 ou 3 exames cos contidos básicos da materia, a ser posible os tres tamén durante o primeiro trimestre..

Deberán examinarse dos seguintes contidos mínimos:

1º trimestre: axentes económicos, factores de produción, tipos de bens, equilibrio de mercado, elasticidade-prezo da demanda, cálculo de variacións, eficiencia técnica e económica, cálculo de custos. Correspóndese coas unidades 1 a 5 do libro Economía da editorial SM

2º trimestre: os modelos de mercado; determinación do PIB, o PNB, a RN, as magnitudes netas, a Renda dispoñible, a economía somerxida; poboación activa, desocupada, taxa de paro, taxa de actividade, causas do desemprego, políticas de emprego; o papel do Estado na economía; política fiscal expansiva e contractiva; o multiplicador do investimento

3º trimestre: política fiscal, tributos e cotizacións sociais, o IRPF, o IVE, impostos directos e indirectos; o multiplicador do diñeiro; a inflación e a deflación; causas e consecuencias da inflación; intermediarios financeiros bancarios e non bancarios; a política monetaria; a balanza de pagamentos; o tipo de cambio (concepto e exercicios); 'concepto de globalización; concepto de integración económica.

Débase obter 5 puntos de media dos tres trimestres para superar a materia. As notas do exames pódense compensar se acada como mínimo o 30% da cualificación total.

### 11. 1 Alumnado que non supere a convocatoria ordinaria de xuño

O alumnado que non supere algún trimestre deberá realizar, no período que vai do 6 de xuño ao 22 de xuño:

- Actividades de recuperación dos trimestres non superados
- Para cada trimestre non superado, unha proba baseada nas actividades de recuperación propostas.

Na cualificación da avaliación extraordinaria de xuño teranse en conta:

- as cualificacións obtidas nas actividades de recuperación (unha actividade non realizada ou copiada, supón 0 puntos). Ponderación: 20%
- a puntuación obtida en cada trimestre a recuperar. Ponderación: 80%

Na convocatoria extraordinaria de xuño non se pode obter unha nota superior a 5 puntos sobre 10. O alumnado debe obter como mínimo un 3/10 no exame para superar o curso.

Non se poden obter máis de 5 puntos sobre 10 na avaliación de materias pendentes nin nas recuperacións.

### 11.2. Alumnado que supere a convocatoria ordinaria de xuño

Deberá realizar actividades de repaso e ampliación. Entre elas, exposicións orais, exercicios e comentarios de textos.



## 12 . Organización de procedimientos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach )

Trátase dun 1º de bacharelato.

## 13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN (1, 2, 3)	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
1	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
2	Adopto estratexias e programo actividades en función: dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos.		
3	Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.		
4	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grado en que acadan as aprendizaxes.		
5	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos y profesores de apoios).		
6	Propoño situacións introdutorias ao tema a tratar (traballos, diálogos, lecturas)		
7	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		
8	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos		
9	Estruturo os contidos dando unha visión xeral de cada tema		
10	Facilito a adquisición de novos contidos a través de esquemas, exemplos, sínteses,...		
11	Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).		
12	Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.		
13	Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
14	Comprobo que o alumnado comprende a tarefa a realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen el proceso, ...		

15	Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas.		
16	Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dando pistas, feedback,...		
17	As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.		
18	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.		
19	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.		
20	Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas, a adecuación de los tempos e os materiais utilizados.		
21	Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas, e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
22	En caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
23	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o ritmo de aprendizaxe de cada un, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza- aprendizaxe ( motivación, contidos, actividades, ...).		
24	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información ( rexistro de observacións, carpeta del alumno, diario de clase, taboleiro de anuncios,...).		

#### 14. Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados

A avaliación inicial consistirá en preguntas xenéricas sobre a lectura e comprensión da actualidade económica e o comentario de textos de contido económico.



Algunhas persoas xa cursaron Economía en 4º ESO.




#### 15 . Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

Non se detectaron dificultades de aprendizaxe. Os titores están recabando información de cada alumno/a sobre a dispoñibilidade de ordenadores e conexión a internet.

Fóronlle subministradas licencias dixitais a todo o alumnado para que accedan ao libro dixital de Santillana (cortesía da editorial).

No caso de detectárense dificultades no proceso de aprendizaxe dalgún alumno ou alumna, as medidas de atención á diversidade no Bacharelato para a materia de Economía son:

-  repaso de contidos xa vistos, coa participación do alumnado
-  actividades con diferentes niveis de dificultade

-  actividades de consolidación: exercicios, tests, análise de informacións económicas
-  a agrupación do alumnado: establecer agrupacións diferentes para cada traballo en equipo asignado
-  actividades de recuperación para o alumnado que non estea acadando os obxectivos

## 16 . Concreción dos elementos transversais en cada curso

### A. Educación en valores:

- Educación ao consumidor. Concienciar ao alumno cara a un consumo responsable despertando nel unha actitude crítica cara ao excesivo consumismo e cara ao poder do marketing nas decisións de consumo.
- Educación moral e cívica. Avaliar os problemas sociais actuais que sofren distintas capas da poboación, a situación dos inmigrantes, o respecto ás opinións dos demais, a non discriminación laboral, a responsabilidade social da empresa, o problema da fraude fiscal,...
- Educación ambiental. O impacto da actividade das empresas de produción sobre o medio ambiente.
- Educación para a paz. Conseguir do alumno valores solidarios, de tolerancia, de respecto e de capacidade de dialogo.
- Educación para a saúde. Conseguir que os alumnos adopten un estilo de vida san e adquiran hábitos saudables.
- Educación para a igualdade de sexos. O tema tratarase particularmente no tema do mercado do traballo, pero tamén en lecturas relativas a outras unidades.

**B Animación á lectura e expresión oral.** Están previstas diversas lecturas sobre temas de relevancia na economía, que se analizarán e valorarán oralmente e por escrito. e resumos escritos.

### C Novas tecnoloxías da información:

- Presentacións dalgunhas unidades didácticas a través de Impress/powerpoint.
- Visita de páxinas web relacionadas coa economía ([www.gepeese.es](http://www.gepeese.es), [www.finanzasparatodos.es](http://www.finanzasparatodos.es), [www.ecobachillerato.com](http://www.ecobachillerato.com), [www.profes.net](http://www.profes.net), etc.), prensa xeneralista e prensa económica,...
- Emprego de follas de cálculo para o traballo con datos económicos

### 17 . Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Se a situación sanitaria o permite, excursión de fin de semana.

### 18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

INDICADOR	VALORACIÓN (1, 2, 3)	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
1 A secuenciación as unidades favorece o proceso de aprendizaxe		
2 Adecuación da temporización das unidades		
3 Adecuación da metodoloxía empregada para cada unidade		
3 Adecuación dos contidos mínimos para superar a materia		
4 Idoneidade dos criterios de avaliación para a adquisición das competencias		
5 Adecuación das medidas de atención á diversidade		
6 Idoneidade dos recursos utilizados		
7 Adecuación dos criterios de cualificación		
8 Adecuación dos criterios de promoción		
9 Adecuación dos criterios para superar a materia en caso de alumnado de 2º bacharelato coa materia pendente		

## INTRODUCCIÓN Á XEOPOLÍTICA CONTEMPORÁNEA

1. Introducción .....	p. 38
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:	
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia .....	p. 38
- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática .....	p. 38
- Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	p. 38
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	p. 38
4. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	p. 39
5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas .....	p. 39
6 . Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais .....	p. 39
7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de :	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos .....	p. 46
- Temporización .....	p. 46
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	p. 46
- Procedementos e instrumentos de avaliación .....	p. 46
8. Concrecións metodolóxicas da materia .....	p. 48
9. Materiais e recursos didácticos .....	p. 48
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado .....	p. 48
11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	p. 48
12 . Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach )	p. 49
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	p. 49
14. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados .....	p. 50
15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital .....	p. 50
16. Concreción dos elementos transversais en cada curso .....	p. 50
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento .....	p. 51
18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora .....	p. 51

## 1. Introducción

A importancia desta materia reside na súa contribución á formación de cidadáns responsables e informados e a desenvolver o sentido crítico e o debate. Hai 3 persoas matriculadas.

Empezou tendo 6 alumnos inscritos, pero tres cambiaron a optativa por outra con máis alumnado.

## 2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:

### - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

O material didáctico estase subindo a classroom. No caso de ensino non presencial, poderase combinar classroom con videoconferencias a través da aplicación Meet.

### - Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

Para quen só se poida conectar mediante móbil e o centro non lles poida prestar un portátil, empregárase o correo electrónico para resolver as dúbidas.

Quen non dispoña de ningún medio telemático recibirá o material impreso. Contactarase coa familia para que o recolla periodicamente no centro e para que comunique por escrito as dúbidas e solicite material adicional.

### - Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado a.

Informarase ao titor sobre:

- alumnado que non se conecte
- alumnado que se conecta pero non entrega as tarefas

b. Tentarase de contactar cos pais ou titores, ou co alumno/coa alumna se é maior de idade, vía classroom e acordarase con eles una vía para levar a cabo a docencia non presencial de quen non entrega as tarefas e/ou non se conecta ás videoconferencias.

## 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Introdución á Xeopolítica Contemporánea contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias:

- Comunicación lingüística: a lectura e comentario de textos e os debates permiten mellorar a expresión oral e escrita
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a lectura de gráficos e o tratamento estatístico de datos forman parte das actividades propostas ao alumnado
- Competencia dixital: é básica. A clase ten lugar sempre nunha aula de informática, xa que o alumnado debe empregar webs, buscar información na rede e tratar os datos

- Aprender a aprender: o profesor facilita a adquisición de coñecementos e competencias do alumnado, que é o protagonista do proceso de aprendizaxe
- Competencias sociais e cívicas: o traballo en equipo, os debates e o coñecemento da realidade do mundo contribúen en gran medida á adquisición e mellora de competencias sociais e cívicas
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: ten que ver coa autonomía do alumnado no proceso de aprendizaxe e cos proxectos que deben realizar durante o curso
- Conciencia e expresións culturais: a cultura das diferentes civilizacións forma parte dos contidos da materia.

#### 4 . Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

É o primeiro ano de impartición da materia.

#### 5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas

#### 6 . Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais

	Introdución á Xeopolítica contemporánea			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Introducción ás relacións internacionais			
a b c e g h	B1.1. Que se entende por Xeopolítica. Concepto de soberanía	B1.1.1 Explicar que se entende por Xeopolítica  B1.1.2 Describir os intereses fundamentais dos países e os niveis de acción	IXCB1.1.1. Distingue cuestións relativas á disciplina da Xeopolítica.  IXCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, relativa á soberanía das potencias.	CL, CD, AA
a b c d e f g h	B1.2. Antecedentes históricos: imperialismo, guerra fría.	B1.2.1. Distinguir os feitos máis relevantes do imperialismo e as súas causas  B1.2.2. Explicar en que consistiu a Guerra fría e describir os acontecementos	IXCB1.2.1. Reúne información, escrita nas linguas cooficiais en Galicia e en inglés ou francés, sobre o imperialismo dende a 2ª metade do século XIX e realiza unha exposición oral ou escrita sobre o poder dos países imperialistas sobre as colonias. IXCB1.2.2. Comenta un mapa histórico sobre un imperio colonial.  IXCB1.2.2. 1. Elabora un friso cronolóxico cos sucesos máis relevantes do período da Guerra Fría. IXCB1.2.2.2. Elabora textos sobre	CL, CD, AA,

		fundamentais dese período	acontecementos relacionados coa Guerra Fría.	
	Introdución á Xeopolítica contemporánea			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e g h	B1.3. Poderes globais e alianzas	B1.3. Describir os países con máis influencia	IXCB1.3.1. Recolle información en internet sobre o peso de diversos países nas relacións internacionais. IXCB1.3.2. Distingue as características que explican a influencia a nivel mundial dalgúns países.	CL, CD, AA
a b d e g h	B1.4. Poderes militares e poderes rexionais	B1.4. Enumerar os poderes militares e rexionais e as características que definen ese poder.	IXCB1.4.1. Recopila información sobre o gasto en armamento dos países con máis influencia internacional e plásmoa nun gráfico. IXCB1.4.2. Analiza a posición de poder de países con moito peso internacional.	CL, CM, CD, AA
a b c d e	B1.5. Institucións internacionais	B1.5. Enumerar e describe o funcionamento das principais institucións internacionais	IXCB1.5. Realiza un esquema coas principais institucións de ámbito internacional, a súa función e a relación entre elas.	CL, CD
a b c d e f g h	B1.6. A guerra da información. Fake news. Auxe dos populismos	B1.6.1. Explicar o emprego da información e das fake news por parte de diversos países. B1.6.2. Describir as causas do populismo B1.6.3. Identificar os principais movementos populistas de Europa	IXCB1.6.1. Recopila información en internet sobre un tema e diferencia a información veraz da outra. Efectúa hipóteses sobre as razóns da desinformación. IXCB1.6.2. Analiza as causas do populismo nun país europeo. IXCB1.6.3. A partir de textos, identifica os movementos populistas máis significativos na actualidade en países europeos.	CL, CD, AA, CSC, IEE
a b c d e f l	B1.7. Os lobbies e o poder das multinacionais.	B1.7.1. Identificar e describir os principais lobbies. B1.7.2. Identificar os procedementos das multinacionais farmacéuticas para aumentar os beneficios. O negocio da	IXCB1.7.1. Recopila información sobre a actuación dos grupos de presión no ámbito da política. Expón os resultados da investigación; emprega unha lingua estranxeira. IXCB1.7.2. Tras ver unha película sobre o poder das multinacionais farmacéuticas, busca en internet información e expresa unha opinión razoada sobre o tema.	CL, CM, AA, CS, IEE



		enfermidade.		
	Bloque 2. Oriente Medio			
a b c d e h	B2.1. Ramas do islam: suníes, kurdos, chiítas	B2.1.1. Describir a distribución da poboación segundo o grupo étnico-relixioso ao que pertence B2.1.2. Describir os efectos xeopolíticos	IXCB2.1.1. Compara a distribución de poboación dos países de Oriente Medio. IXCB2.1.2. Analiza as implicacións da distribución de poboación na xeopolítica e a actuación	CL, CM, CD
Introdución á Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		debidos á rivalidade entre os grupos do islam.	dos gobernos respecto ás minorías étnico-relixiosas.	
a b c d e g h	B2.2. Turquía: - relacións con EEUU - relacións coa U.E. - relacións con outros países de Oriente Medio	B2.2.1. Describe as relacións entre Turquía e EEUU. B2.2.2. Describir as relacións entre Turquía e a U.E. B2.2.3. Describir as relacións entre Turquía e países de Oriente Medio.	IXCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución da relación entre Turquía e EEUU. IXCB2.2.2. Elabora un eixe cronolóxico coa evolución das relacións entre Turquía e a U.E. IXCB2.2.3. Analiza comparativa e esquematicamente as relacións entre Turquía e diferentes países de Oriente Medio.	CL, CD, AA
a b d e g h	B2.3. Irán: relacións cos diferentes países de Oriente Medio. Relacións con EEUU	B2.3.1. Describir as relacións entre Irán e os países veciños. B2.3.2. Describir as relacións entre Irán e EEUU.	IXCB2.3.1. Realiza un esquema que amose as relacións entre Irán e os países do entorno. IXCB2.3.2.1. Analiza aspectos que expliquen as relacións entre Irán e EEUU. IXCB2.3.2.2. Reúne información sobre a enerxía nuclear e participa nun debate sobre a cuestión. IXCB2.3.2.3. Debate en torno á cuestión do programa nuclear de Irán.	CL, CM, CS, IEE
a b c d e g h	B2.4. Relacións de Arabia Saudí cos países veciños.	B2.4. Explicar a actuación de Arabia Saudí respecto a países do Golfo Pérsico	IXCB2.4.1. Realiza un esquema que recolla a rede de alianzas entre os países de Oriente Medio. IXCB2.4.2. Comenta textos de xeopolítica de Arabia Saudí na zona do Golfo Pérsico.	CL, CD, AA
a b c d e g h	B2.5. A primavera árabe. Siria	B2.5.1. Analizar e seleccionar textos que identifiquen as características da primavera árabe.	IXCB2.5.1. Explica os motivos que levaron á primavera árabe.	CL, CD, AA, IEE

		B2.5.2. Describir como se desencadeou a primavera árabe en Siria e en Túnez.	IXCIB2.5.2. Realiza un friso cronolóxico cos principais acontecementos relativos á primavera árabe en Siria e en Túnez.	
		B2.5.3. Coñecer os intereses detrás da intervención de diversos países nos conflitos de Siria.	IXCB2.5.3. Elaborar, a partir de diversas fontes de información, un texto que explique os motivos que subxacen á intervención de terceiros nos conflitos de Siria.	
Introdución á Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h	B2.6. Israel e os territorios palestinos	B2.6.1. Coñecer as orixes do conflito Palestina-Israel.	IXCB2.6.1.1. Realiza unha cronoloxía cos fatos no conflito entre Palestina e Israel. IXCBI2.6.1.2. Elabora un mapa coa situación territorial en 1948 e outro coa situación en 2020. IXCB2.6.1.3. Elabora unha cronoloxía coas diversas iniciativas de paz nos territorios de Israel e Palestina.	CL, CM, CD, AA
		B2.6.2. Analizar as relacións de Israel co resto do mundo dende a perspectiva do conflito palestino.	IXCB2.6.2.1. Recopila información sobre conflitos entre Israel e os países veciños. IXCB2.6.2.2. Recopila información sobre o gasto en defensa de Israel, dos países do entorno, da UE, de Rusia e de EEUU, plásmoa en gráficos e coméntaos.	
		B2.6.3. Analizar a intervención de organismos internacionais e dos mediadores no conflito	IXCB2.6.3. Explica o papel da ONU e doutros organismos e institucións no conflito.	
a b c d e g h	B2.7. A discriminación nos países árabes	B2.7.1. Analiza a situación das mulleres no mundo árabe.	IXCB2.7.1. Compara a situación das mulleres nos distintos países árabes.	CL, AA, CSC
		B2.7.2. Describe brevemente a situación das minorías no mundo árabe.	IXCB2.7.2. Reúne información sobre o tratamento das minorías étnicas e relixiosas e das minorías sexuais nos países árabes.	
<b>Bloque 3: Rusia</b>				
a c d e h i	B3.1. Expansionismo ruso	B3.1.1. Describir os procedementos de Rusia para ampliar o territorio e os fins perseguidos.	IXCB3.1.1.1. Identifica a vía de expansión a través dos subministros de gas e petróleo IXCB3.1.1.2. Identifica a vía de expansión política IXCB3.1.1.3. Describe a vía de expansión cultural. IXCB3.1.1.4. Identifica as maneiras de fortalecer o sentimento nacionalista ruso.	CL, CM, CD, AA

			IXCB3.1.1.5. Realiza un mapa coas progresivas ampliacións do territorio ruso. IXCB3.1.1.6. Razona a importancia do ferrocarril para expandirse por Siberia.	
		B3.1.2. Enumerar as fortalezas e as debilidades de Rusia.	IXCB3.1.2. Compara o PIB, a poboación, a superficie, o comercio exterior, os recursos naturais, o gasto en defensa e o gasto en programas espaciais de Rusia co doutras potencias.	
		B3.1.3. Explicar a desintegración da U.R.S.S. O legado da Guerra Fría	IXCB3.1.3.1. A partir de textos, explica a situación creada tras a Segunda Guerra Mundial e o tratado de Ialta. IXCB3.1.3.2. Reúne información sobre a desintegración da Unión Soviética. IXCB3.1.3.3. Reúne información sobre as manobras militares de Rusia e a OTAN nos territorios fronteirizos entre a UE e Rusia.	
Introdución á Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		B3.1.4. Describir as relacións coas exrepúblicas soviéticas	IXCB3.1.4.1. Busca información en internet sobre as relacións entre Rusia e as ex-repúblicas soviéticas, IXCB3.1.4.2. Localiza nun mapa	
A b d e g h i	B3.2. Política exterior rusa	B3.2.1. Explicar as relacións coa Unión Europea.	IXCB3.2.1. Extrae de fontes de información online información sobre a cooperación estratéxica en diferentes ámbitos entre a Unión Europea e Rusia dende a caída do muro de Berlín. IXCB3.2.2. Elabora un texto sobre as relacións diplomáticas e comerciais entre Rusia e a UE dende a desintegración da URSS.	CL, CD, AA, CSC
		B3.2.3. Describir os intereses que están detrás da alianza con China	B3.2.3. Reúne información sobre a alianza política e comercial entre Rusia e China e debate cos compañeiros sobre ela.	
		B3.2.4. Coñecer a evolución das relacións con EEUU. dende o fin da Guerra Fría.	B3.2.4. Plasma nunha cronoloxía os feitos máis significativos das relacións comerciais e diplomáticas entre EEUU e Rusia dende 1990.	
a b c d e h	B3.3. Intervención de Rusia nos procesos electorais e nos referendos doutros países	B3.3. Describir, a partir de información obtida en internet, a implicación de Rusia en diversos procesos electivos	IXCB3.3.1. Recopila información sobre a intervención de Rusia en diversos procesos electorais e referendos e as súas causas. IXCB3.3.2. Explica as causas da intervención de Rusia no Brexit e nas últimas eleccións presidenciais de EEUU.	CL, CD, AA

		fóra do país.		
a b d e h	B3.4. Conflito con Ucrania	B3.4. Describir as causas e a evolución do conflito entre Rusia e Ucrania	IXCB3.4.1. Elabora un friso cronolóxico coa evolución do conflito Rusia-Ucrania. IXCB3.4.2. Analiza os intereses que guían as accións de Rusia en Ucrania.	CL, CD, AA
a b d e	B3.5. Anexión de Crimea	B3.5. Explicar o valor estratéxico de Crimea para Rusia.	IXCB3.5. Analiza a importancia de Crimea para os rusos.	CL, AA
a b d e g h	B3.6. Kaliningrado: enclave ruso en territorio UE.	B3.6. Explicar os obxectivos perseguidos coa militarización de Kaliningrado.	IXCB3.6. A partir de material en internet, tanto escrito como audiovisual, elabora un texto sobre o uso que está facendo Rusia de Kaliningrado.	CL, CD, AA
A b d e g h	B3.7. Afganistán	B3.7.1. Explicar a historia do país, centrándose nos derradeiros 70 anos. B3.7.1 Analizar la situación actual y sus implicaciones geopolíticas.	IXCB3.7.1 Realizar una exposición sobre la historia de Afganistán. IXCB3.7.2 A partir del análisis de la situación política, económica y social de Afganistán tras la caída de Kabul, deducir las consecuencias geopolíticas y realizar previsiones sobre el futuro, dibujando diversos escenarios.	
Bloque 4. China				
a b c d e	B4.1. Expansionismo chino.	B4.1. Analizar as vías de expansión de China: marítima e terrestre	IXCB4.1. Comenta un mapa coas vías de expansión marítima e terrestre de China e reflexa nel os recursos con que conta cada rexión terrestre e marítima.	CL, CM, CD, AA
Introdución á Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h		B4.2. Describe os intereses que moven a actuación do goberno chinés	IXCB4.2. A partir de diversas informacións, elabora un texto que explique razoadamente a actuación expansionista de China.	
a b d e g h	B4.1. Alianza con Rusia e con Corea do Norte.	B4.1.1. Analizar as causas da alianza con Rusia. B4.1.2. Analizar as causas da alianza con Corea do Norte	IXCB4.1.1. Recopila información sobre a alianza entre Rusia e China. IXCB4.1.2. Recopila información sobre a alianza entre Corea do Norte e China.	CL, CD, AA
a b c d e g h	B4.2. Rivalidade Xapón-China	B4.2. Analizar as causas da rivalidade e a evolución.	IXCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con fitos na rivalidade entre ambas potencias. IXCB4.2.2. Señala os intereses que subxacen na rivalidade entre Xapón e China	CL, CD, AA

			IXCB4.2.3 Comenta un texto acerca dun conflito entre ambos países.	
a b d e g h	B4.3. Conflitos por zonas de influencia	B4.3.1. Enumerar os conflitos entre China e Xapón ao longo dos últimos séculos.  B4.3.2. Coñecer as a disputa territorial do Mar de China.	IXCB4.3.1. Recopila información sobre a historia das relacións entre China e de Xapón.  IXCB4.3.2. Realiza un mapa que plasme os intereses de cada país no Mar de China.	CL, CM, CD
a b d e h	B4.4. A nova ruta da seda	B4.4. Analizar o plan de infraestruturas chino.	IXCB4.4.1. Recolle nun mapamundi os plans da nova ruta da seda.  IXCB4.4.2. Elabora textos de análise sobre os intereses que guían o plan estratéxico chino.	CL, CM, CD
a b d e h	B4.5. Programa de anexión de Taiwán.	B4.5. Describir as actuacións realizadas por China para anexionar Taiwan.	IXCB4.5. Analiza, a partir de textos e material audiovisual, os intereses que guían os intentos de anexión de Taiwán por parte de China.	CL, CD, AA
a b d g h	B4.6. Carreira pola hexemonía das moedas dixitais	B4.6.1. Describir os motivos da introdución da e-RMB.  B4.6.2. Describir brevemente as moedas dixitais máis importantes.	IXCB4.6.1. Analiza os intereses que persigue o goberno chino co lanzamento da e-RMB.  IXCB4.6.2. Recolle nunha táboa a información máis relevante sobre as principais moedas dixitais e os seus usos.	CL, CM
<b>Bloque 5. Estados Unidos</b>				
a b d e g h	B5.1. Relacións con Israel	B5.1. Describir o valor estratéxico de Israel para EEUU.	IXCB5.1.1 Analiza a intervención de EEUU no conflito de Palestina a partir dun ou varios textos. IXCB5.1.2. Recopila sucesos nos que EEUU apoiou a Israel.	CL, CD, AA
Introdución á Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b d e g h	B5.2. Relacións cos países limítrofes	B5.2. Explicar os intereses comúns e os puntos de tensión entre EEUU e México e entre EEUU e Canadá.	IXCB5.2.1. Recopila información sobre as relacións comerciais entre EEUU e os seus veciños.  IXCB5.2.2. Recopila información sobre a intervención de EEUU, dende a súa independencia, en diversos países de América Latina e as súas causas.	CL, CD, AA
a b d e	B5.3. Relacións con	B5.3. Describir os puntos de fricción	IXCB5.3.1. Recolle nun gráfico o comercio entre EEUU e China.	CL, CM, CD

g h	China	entre ambas potencias	IXCB5.3.2. Analiza a evolución da guerra comercial entre EEUU e China.	
a b d e g h	B5.4. Intervención en Oriente Medio	B5.4.1. Enumerar os conflitos de Oriente Medio nos que EEUU exerce a súa influencia.	IXCB5.4.1. Elabora un mapa de Oriente Medio coas zonas en conflito.	CL, AA
		B5.4.2. Explicar os intereses de EEUU en Oriente Medio	IXCB5.4.2. A partir de artigos de xornais e outros textos, analiza a intervención de EEUU nesa rexión.	
a b c d e g h m	B5.5. Intervención en África	B5.5.1. Enumerar as intervencións de EEUU en conflitos en territorio africano	IXCB5.5.1. Elabora un mapa coas rexións africanas con conflitos armados.	CL, AA
		B5.5.2. Describir os intereses de EEUU nos conflitos africanos	IXCB5.5.2. Recopila información sobre a actuación de EEUU nos conflitos armados en África	

Os contidos impartidos adaptaranse á actualidade xeopolítica.

## 7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de :

### - Obxectivos e contidos desenvolvidos

Figuran na táboa anterior. As letras dos obxectivos correspóndense co recollido no artigo da LOE-LOMCE, que establece que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no

desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social. i ) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j ) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. l ) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### - Temporización

1º trimestre: bloques 1 e 2

2º trimestre: bloques 4 e 5

3º trimestre: bloque 6

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Conceptos básicos: xeopolítica, guerra fría, guerra subsidiaria, soft power, realpolitik, fake news, populismo, lobby
- Coñecer as principais fontes de recursos naturais dos países
- Identificar nun mapa os países e as capitais (mínimo, o 80% )
- Describir as causas da actual situación política en Afganistán
- Describir e analizar o conflito Israel-Palestina
- Describir e analizar a situación actual en Oriente Medio e Turquía
- Describir os intereses principais das grandes potencias: China, Estado Unidos, Rusia e explicar a súa actuación noutros países
- Comentar un texto de Xeopolítica relativo aos contidos do currículo da materia, situando a información no contexto político-económico
- Saber recopilar información veraz e relevante sobre temas da actualidade xeopolítica, convertila nun texto ben estruturado e expoñela

### - Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

- observación (participación no desenvolvemento das clases e calidade das intervencións )
- realización correcta dos exercicios e actividades propostos
- participación en debates
- exposicións orais
- a realización de traballos en equipo

- os coñecementos de Xeografía nos concursos de mapas interactivos

## 8 . Concrecións metodolóxicas da materia

- Breve explicación introdutoria
- Textos, preferentemente en formato dixital, para ler e comentar
- Combinación de estudos de caso individuais co traballo en equipo
- Exposición dos casos, individual e en equipo
- Busca de información
- Debates
- Comentarios de textos
- Elaboración de mapas
- Visionado de documentais
- Realización de infografías

## 9 . Materiais e recursos didácticos

- Aula de informática (ordenadores con acceso a internet )
- Webs de mapas interactivos
- Artigos de xornais e revistas, blogs
- Libros
- Documentais e películas
- Libre office ou Microsoft office
- Aplicacións de creación de infografías
- Fichas temáticas sobre a UE (<https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/home> )

## 10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

A cualificación está formada por:

- notas de clase: 70%
- exame: 30%

Porén, o exame poderase substituír por traballos, se o profesor o cre conveniente.

## 11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

### 11.1. Alumnado que non superou a materia na convocatoria ordinaria de xuño

Entre o 6 e o 23 de xuño, o alumnado que no superou algún trimestre deberá realizar, de modo presencial, os traballos pendentes ou polo menos unha parte de cada traballo. As persoas que non asistan a clase deberá examinarse dos contidos correspondentes aos traballos.

### 11.2 Alumnado que superou a materia na convocatoria ordinaria de xuño

Durante ese período, o alumnado que xa superou a materia poderá:

- realizar traballos para subir nota, ou ben
- expoñer un traballo en grupo. A profesora indicará o traballo a presentar e as pautas a seguir



## 12 . Organización de procedimientos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach )

Non procede.

## 13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN (1, 2, 3)	OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
1	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
2	Adopto estratexias e programo actividades en función: dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos.		
3	Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.		
4	Establezo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten seguir o progreso do alumnado e comprobar o grado en que cada un acadada as aprendizaxes.		
5	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesores de apoio).		
6	Propoño situacións introdutorias ao tema a tratar (traballos, diálogos, lecturas)		
7	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		
8	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado		
9	Estruturo os contidos dando unha visión xeral de cada tema		
10	Facilito a adquisición de novos contidos a través de esquemas, exemplos, sínteses,...		
11	Propoño actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).		
12	Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.		
13	Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
14	Comprobo que o alumnado comprende a tarefa a realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, ...		
15	Facilito estratexias de aprendizaxe: solicitar axuda, buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas.		
16	Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dando pistas, feedback,...		

17	As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.		
18	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.		
19	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.		
20	Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas, a adecuación de los tempos e os materiais utilizados.		
21	Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas, e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
22	En caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
23	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o ritmo de aprendizaxe de cada un, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza- aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).		
24	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (registro de observacións, carpeta del alumno, ficha de seguimento, diario de clase, taboleiro de anuncios,...).		

#### 14. Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados

Os primeiros días de clase fixéronse sondaxes (preguntas á clase) sobre os coñecementos do alumnado en materia de historia contemporánea, actualidade político-económica e sociocultural.

#### 15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

Todo o alumnado dispón de acceso a internet. O material súbese a classroom. As clases teñen lugar nunha das aulas de informática do centro.

#### 16. Concreción dos elementos transversais en cada curso

Os contidos transversais que se van tratar durante as clases son:

- educación moral e cívica
- igualdade de homes e mulleres
- combater o sexismo
- non discriminación
- educación para a paz e a resolución pacífica dos conflitos
- liberdade de expresión, dentro do respecto de todas as culturas

51

- respecto de todas as minorías (étnicas, relixiosas,... )
- protección do medio ambiente
- consumo responsable

### 17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Se a situación sanitaria o permite, excursión de fin de semana.

### 18 . Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

INDICADOR	VALORACIÓN (1, 2, 3)	OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA
1 A secuenciación das unidades favorece o proceso de aprendizaxe		
2 Adecuación da temporización das unidades		
3 Adecuación da metodoloxía empregada para cada unidade		
4 Adecuación dos contidos mínimos para superar a materia		
5 Idoneidade dos criterios de avaliación para a adquisición das competencias		
6 Adecuación das medidas de atención á diversidade		
7 Idoneidade dos recursos utilizados		
8 Adecuación dos criterios de cualificación		
9 Adecuación dos criterios de promoción		

## PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DA EMPRESA

1. Introducción .....	p. 53
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:	
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia .....	p. 53
- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática	p. 53
- Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	p. 53
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	p. 54
4. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	p. 54
5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas .....	p. 55
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais .....	p. 55
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de :	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos .....	p. 62
- Temporización .....	p. 62
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	p. 62
- Procedementos e instrumentos de avaliación .....	p. 62
8. Concrecións metodolóxicas da materia .....	p. 63
9. Materiais e recursos didácticos .....	p. 63
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado .....	p. 64
11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	p. 64
12. Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach)....	p. 64
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	p. 64
14. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados .....	p. 65
15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital .....	p. 66
16. Concreción dos elementos transversais en cada curso .....	p. 66
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento .....	p. 67
18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora .....	p. 67

## 1. Introducción

A Economía da empresa trata de describir a realidade empresarial. O alumno aprenderá os instrumentos básicos para crear unha empresa e calcular os custos, ingresos e viabilidade. Tamén se tratan aspectos de organización, recursos humanos, inversión e financiamento, e marketing. Ampliará os coñecementos adquiridos en Economía de 1º de Bacharelato sobre as diferentes formas xurídicas dunha empresa. Familiarizarase coas actividades que se levan a cabo nunha empresa e adquirirá instrumentos para a toma de decisións. Saberá elaborar un balance de situación, determinar segundo o modelo do Plan Xeral Contable o beneficio ou perda obtido nun período económico e determinar a situación económico-financeira dunha empresa.

Hai 11 persoas matriculadas.

## 2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:

### - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

O material didáctico estase subindo a classroom. No caso de ensino non presencial, poderase combinar classroom con videoconferencias a través da aplicación Meet.

### - Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

Para quen só se poida conectar mediante móbil e o centro non lles poida prestar un portátil, empregarase o correo electrónico para resolver as dúbidas.

Quen non dispoña de ningún medio telemático recibirá o material impreso. Contactarase coa familia para que o recolla periodicamente no centro e para que comunique por escrito as dúbidas e solicite material adicional.

### - Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .

#### ◆ Informarase ao titor sobre:

- alumnado que non se conecte
- alumnado que se conecta pero non entrega as tarefas
- ◆ Tentarase de contactar cos pais ou titores vía classroom e acordarase con eles una vía para levar a cabo a docencia non presencial do alumnado que non entrega as tarefas e/ou non se conecta ás videoconferencias.

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

a Competencia en comunicación lingüística. Está presente no desenvolvemento de todas as unidades. As lecturas e debates que se levarán a cabo permitirán a familiarización e uso da linguaxe económica, ademais de contribuír a unha mellor expresión oral.

b Competencia matemática. Para desenvolvela, o alumnado aplicará estratexias para resolver problemas, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados, etc. Valorarán a importancia do método científico no área das ciencias sociais.

Bloques nos que se desenvolve esta competencia: 4, 6 e 7.

c A competencia dixital desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, así como o emprego de follas de cálculo para realizar exercicios e da aplicación Impress para presentar traballos. Tratarase de mellorar a procura selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), a súa análise, ordenación e interpretación.

Desenvólvese en todas as unidades, a través de busca de información na Internet, emprego de follas de cálculo para a realización de exercicios, emprego de Impress para a presentación de unidades e de traballos do alumnado, ...

d A adquisición da competencia para aprender a aprender fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos adquiridos. Ao tempo de operar con modelos teóricos tamén se fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación da contorna, a iniciativa e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

Esta competencia desenvólvese en todas as unidades. O alumnado vai construíndo o seu propio coñecemento a partir do impartido na aula.

e Competencias sociais e cívicas: o traballo en equipo, o manexo de textos de actualidade, os debates sobre temas socio-económicos,... fomentan a adquisición destas competencias. Está presente en todos os bloques.

f A materia de economía cimenta as bases do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e garante a comprensión dos conceptos económicos básicos, que inclúe o desenvolvemento de certas calidades persoais: a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas e a revisión de resultados. Todo isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

g Conciencia e expresións culturais. A través da análise de anuncios e diferentes técnicas que usan os creativos das axencias de publicidade, podemos desenvolver a competencia cultural e artística, ao identificar os valores e elementos artísticos que se poñen en xogo en cada caso para motivar a compra dos consumidores.

O bloque 5 contribúe a desenvolver esta competencia.

### 4 . Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Os contidos imprescindibles de Economía de 1º bacharelato que quedaron sen impartir son:

- o efecto multiplicador do investimento

- a demanda agregada e a oferta agregada
- os tributos e as cotizacións sociais. Elementos dos impostos. O IRPF. O IVE - política fiscal expansiva e política fiscal contrativa.
- o déficit público
- a oferta monetaria e os agregados monetarios
- o multiplicador do diñeiro
- a inflación: concepto, causas e consecuencias. A deflación
- intermediarios financeiros bancarios e non bancarios
- a Bolsa
- os activos financeiros
- a política monetaria. Instrumentos
- a balanza de pagos: concepto e tipos
- apreciación e depreciación dunha moeda
- a integración económica
- a globalización

## 5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas

Durante o mes de decembro, unha vez realizado o exame do primeiro trimestre, a profesora subirá a classroom material correspondente aos contidos imprescindibles do terceiro trimestre de Economía de 1º Bacharelato. A partir dese material e doutro entregado en papel, o alumnado realizará tarefas para adquirir as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas na materia de 1º bacharelato, que serán avaliados como notas de clase pero non serán materia de exame.

As actividades relativas á recuperación de contidos poderán sumar ata 1,5 puntos na cualificación do primeiro trimestre.

O alumnado que non cursou Economía en 1º bacharelato tamén deberá realizar as tarefas de reforzo e recuperación.

## 6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A empresa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a.</li> <li>▪ B1.2. Elementos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital e coas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIE</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<p>funcións e obxectivos da empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Clases de empresas.</li> <li>▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.</li> </ul>	<p>súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.</p>	<p>responsabilidades para cada tipo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</li> <li>▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.</li> <li>▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empre-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ p</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Contorno da empresa.</li> <li>▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.</li> <li>▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.</li> <li>▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.</li> <li>▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i l</li> <li>▪ m</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial.</li> <li>▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.</li> <li>▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.</li> <li>▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>



	mercado. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.</li> <li>▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.</li> <li>▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento.</li> </ul>		<p>empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.</li> <li>▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.</li> <li>▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.</li> <li>▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.</li> <li>▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 3. Organización e dirección da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Funcións básicas da dirección.</li> <li>▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.</li> <li>▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.</li> <li>▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.</li> </ul>	para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.</li> <li>▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.</li> </ul>		<p>interrelacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.</li> <li>EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.</li> <li>EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
	Bloque 4. A función produtiva			
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Produción e proceso produtivo.</li> <li>B4.2. Función de produción.</li> <li>B4.3. Produtividade e eficiencia</li> </ul> <p>Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.</li> <li>EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.</li> <li>EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.</li> <li>B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.</li> <li>EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.</li> <li>EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.</li> <li>EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>

			que axudan á toma de decisións.	
▪ i	▪ B4.6. Os inventarios	▪ B4.3. Describir os conceptos	▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	▪ CD
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l ▪ m	da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios.	fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.		▪ CMCCT
			▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	▪ CD ▪ CMCCT
			▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 5. A función comercial da empresa				
▪ d h ▪ i l ▪ m ▪ ▪	▪ B5.1. Departamento comercial da empresa ▪ B5.2. Concepto e clases de mercado. ▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados. ▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. ▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. ▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.	▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	▪ CSIEE
			▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	▪ CCL ▪ CMCCT
			▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	▪ CD ▪ CMCCT
			▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	▪ CCL ▪ CMCCT
			▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas	▪ CD ▪ CMCCT

			características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
	Bloque 6. A información na empresa			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i l</li> <li>▪ m</li> <li>▪</li> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Obrigas contables da empresa.</li> <li>▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.</li> <li>▪ B6.3. Resultados da empresa.</li> <li>▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.</li> <li>▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.</li> <li>▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.</li> <li>▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.</li> <li>▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	Economía da Empresa. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable.</li> </ul>		<p>rateos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.</li> <li>▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.</li> <li>▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.</li> <li>▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.</li> <li>▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.</li> <li>▪ EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Fiscalidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Recoñecer a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento.	importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.	das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 7. A función financeira				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.</li> <li>▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.</li> <li>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.</li> <li>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.</li> <li>▪ B7.5. Ciclos da empresa.</li> <li>▪ B7.6. Período medio de maduración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoer a elección máis axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>

## 7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de :

### - Obxectivos e contidos desenvolvidos Recollidos

na táboa do apartado 6.

### - Temporización

1º trimestre: bloques 1, 2 e 4

2º trimestre: bloques 6 e 7

3º trimestre: bloques 3 e 5

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

Mínimos esixibles para superar a materia:

- Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais.
- Identificar os factores externos (poderes públicos, conxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, dinámica de poboación, localización industrial, relación co medio ambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.
- Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, sinalando as interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e escribir o proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo.
- Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variábeis que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen o posíbel conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudábeis, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.
- A partir dos datos básicos do balance e conta de resultados dunha empresa, identificar a función dos seus elementos e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posíbeis desequilibrios.

- Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.
- A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a unha empresa, asociación cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
- Planificar e levar a cabo un plano de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixíbel, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.
- Elaborar un proxecto de creación de empresas, planificando o proceso que é necesario levar a cabo e avaliar a súa posibilidade económica, integrando os distintos coñecementos da materia, aplicándoos con creatividade para abordar un proxecto de iniciativa empresarial. A planificación debe recoller, tanto os aspectos económicos e financeiros como as formalidades legais de constitución, anticipando os diversos recursos.

#### - Procedementos e instrumentos de avaliación

##### Os instrumentos de avaliación son:

- a corrección de exercicios individuais: resolución de problemas, claridade da exposición, expresión escrita,...
- a participación no desenvolvemento da clase e nos debates: expresión oral, manexo adecuado dos conceptos,...
- a exposición dos traballos individuais e/ou en grupo: selección e recollida de información, estruturación da mesma, análise de datos, explicación dos fenómenos económicos,...
- as probas escritas (controis), que puntúan un 20% da cualificación do trimestre
- o exame trimestral, que supón o 60% da cualificación trimestral

Os exercicios e actividades copiados obterán 0 como cualificación.

#### 8. Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía baséase nunhas preguntas antes de iniciar cada unidade, logo unha exposición breve dos contidos, e traballo de clase para adquirir a aprendizaxe. Trátase de que o alumnado constrúa a aprendizaxe a partir das actividades propostas e adquira autonomía para aprender.

#### 9 . Materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos son:

- o libro de texto (editorial Santillana)

- as unidades subidas a classroom pola profesora
- as actividades propostas
- a aula de informática
- artigos xornalísticos
- blogs
- diversas webs

## 10 . Criterios de cualificación e promoción do alumnado

### A cualificación de cada trimestre está formada por:

- o 20%, exercicios e participación
- un 40% cada un dous exames trimestrais

O alumnado pode superar a materia se obtén como mínimo o 50% da cualificación de cada parte, é dicir, 2 puntos na cualificación do traballo diario e 3 puntos da cualificación total posible de cada exame. Quen deba recuperar un ou dous trimestres, terá dereito a un exame de recuperación no mes de maio que versará sobre os contidos mínimos correspondentes aos trimestres respectivos. Quen non supere ningún trimestre deberá examinarse na convocatoria extraordinaria.

## 11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

### 11.1. Alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria de maio

O alumnado que na convocatoria de maio non supere algún trimestre deberá realizar, no período que vai da data de avaliación de 2º bacharelato ao 23 de xuño:

- Actividades de recuperación dos trimestres non superados
- Para cada trimestre non superado, unha proba baseada nas actividades de recuperación propostas.

Na cualificación da avaliación extraordinaria de xuño teranse en conta:

- As cualificacións obtidas nas actividades de recuperación (unha actividade non realizada ou copiada, supón 0 puntos). Ponderación: 30%
- A puntuación obtida en cada trimestre a recuperar. Ponderación: 70%

Na convocatoria extraordinaria de xuño non se pode obter unha nota superior a 5 puntos sobre 10. O alumnado debe obter como mínimo un 3/10 no exame para superar o curso.

### 11.2. Alumnado que supere a materia na convocatoria ordinaria de maio

O alumnado que supere o curso na avaliación ordinaria de maio deberá realizar comentarios de textos económicos e exposicións orais de contidos do curso, como actividades de ampliación.



## 12. Organización de procedimientos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach)

Parte do alumnado non estudou Economía en 1º Bacharelato. Para non sobrecargar a estas persoas nun curso que é moi esixente, non se lles pedirá acreditar coñecementos previos.

Aqueles contidos que constitúan un profundamento dos adquiridos no curso anterior será explicados como se fosen novos para todo o alumnado.

## 13 . Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN (1, 2, 3)	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
1	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
2	Adopto estratexias e programo actividades en función: dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos.		
3	Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e intereses do alumnado.		
4	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grado en que acadan as aprendizaxes.		
5	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos y profesores de apoios).		
6	Propoño situacións introdutorias ao tema a tratar (traballos, diálogos, lecturas)		
7	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		
8	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos		
9	Estruturo os contidos dando unha visión xeral de cada tema	▪	
10	Facilito a adquisición de novos contidos a través de esquemas, exemplos, sínteses,...		
11	Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, introdución, motivación, desenvolvemento, síntese, consolidación, recuperación, ampliación e avaliación).		
12	Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.		
13	Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
14	Comprobo que o alumnado comprende a tarefa a realizar:		

	facendo preguntas, facendo que verbalicen el proceso, ...		
15	Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas.		
16	Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dando pistas, feedback,...		
17	As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.		
18	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.		
19	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.		
20	Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas, a adecuación dos tempos e os materiais utilizados.		
21	Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas, e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
22	En caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
23	Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o ritmo de aprendizaxe de cada un, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza- aprendizaxe ( motivación, contidos, actividades, ...).		
24	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información ( rexistro de observacións, carpeta del alumno, diario de clase, taboleiro de anuncios,...).		

#### 14. Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados

Máis da metade do alumnado cursaron Economía o curso pasado no centro, polo que xa coñezo o nivel de cada un. Do resto, a maioría non cursou a materia de 1º bacharelato, polo que a avaliación inicial se substitúe por preguntas á clase ao iniciar cada unidade.

#### 15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

As medidas de atención á diversidade no Bacharelato para a materia de Economía da Empresa son:

- repaso de contidos xa vistos, coa participación do alumnado
- actividades con diferentes niveis de dificultade
- actividades de consolidación: exercicios, tests, análise de informacións económicas
- a agrupación do alumnado: cambiar a distribución do alumnado na aula e establecer agrupacións diferentes para cada traballo en equipo asignado

- actividades de recuperación para o alumnado que non estea acadando os obxectivos

## 16 . Concreción dos elementos transversais en cada curso

En Economía da empresa vanse traballar os seguintes elementos:

- Educación en valores:
  - x Educación moral e cívica: Concienciar ao alumno da responsabilidade que teñen as empresas cara aos empregados e cara á sociedade. O documental "Fíos fóra" trata das consecuencias da actividade do grupo Inditex na vida das persoas que traballan para el. Tamén, a importancia de combater a fraude fiscal
  - x Educación ambiental. A localización dunha empresa de fabricación ten un impacto sobre a saúde das persoas e da flora e fauna. Importancia de coidar o medio ambiente e reciclar - Educación para a igualdade de sexos.
  
- Educación do consumidor e consumo responsable
  
- Animación á lectura e expresión oral. Están previstas diversas lecturas sobre actualidade económica, doutrinas económicas e crises económicas.
  
- Novas tecnoloxías da información:
  - x Presentacións das unidades didácticas en formato impress ou powerpoint.
  - x Utilización de Internet na aula informática como recurso na procura de información. - Páxinas web relacionadas coa economía (Banco de España, SEPE, prensa económica, blogs de tema económico,...) e resolución de exercicios e test en liña a través de Internet.
  - x Emprego de follas de calculo para o traballo con datos económicos como a confección de táboas e representacións gráficas.

## 17 . Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Concurso Generación euro.

## 18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

	INDICADORES	VALORACIÓN (1, 2, 3)	PROPOSTAS DE MELLORA
1	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula segundo as particularidades do alumnado.		
4	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		

5	Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6	Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado		
7	Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns.		

## PROGRAMACIÓN DE XEOPOLÍTICA CONTEMPORÁNEA

1. Introducción .....	p. 69
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:	
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia .....	p. 69
- Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. p.	69
- Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado .....	p. 69
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	p. 70
4. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	p. 70
5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas .....	p. 70
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís Competenciais.....	p. 70
7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de :	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos .....	p. 76
- Temporalización .....	p. 76
- Grao mínimo de consecución para superar a materia .....	p. 76
- Procedementos e instrumentos de avaliación .....	p. 77
8. Concrecións metodolóxicas da materia .....	p. 77
9. Materiais e recursos didácticos .....	p. 77
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado .....	p. 78
11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes p	78
12. Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach) ..	p. 78
13. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	p. 78
14. Deseño de avaliación inicial considerando as conclusións principais dos informes individualizados e medidas a adoptar en función dos resultados .....	p. 80
15. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital .....	p. 80
16. Concreción dos elementos transversais en cada curso .....	p. 80
17. Actividades complementarias e extraescolares do departamento .....	p. 81
18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora .....	p. 81

## 1. Introducción

Trátase dunha disciplina clave para comprender os equilibrios de poder, os conflitos e as relacións internacionais. Formar cidadáns nos grandes temas xeopolíticos é clave para que unha democracia funcione.

En razón da súa importancia para a comprensión do mundo actual e dado que é a primeira vez que se imparte no centro a materia de Xeopolítica, algúns contidos que figuran no programa de Introducción á Xeopolítica Contemporánea vanse impartir na materia de 2º de bacharelato. Hai 15 persoas matriculadas.

## 2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:

### - Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

O material didáctico estase subindo a classroom. No caso de ensino non presencial, poderase combinar classroom con videoconferencias a través da aplicación Meet.

### - Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

Para quen só se poida conectar mediante móbil e o centro non lles poida prestar un portátil, empregárase o correo electrónico para resolver as dúbidas.

Quen non dispoña de ningún medio telemático recibirá o material impreso. Contactarase coa familia para que o recolla periodicamente no centro e para que comunique por escrito as dúbidas e solicite material adicional.

### - Mecanismos a adoptar para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

a. Informarase ao titor sobre:

- alumnado que non se conecte
- alumnado que se conecta pero non entrega as tarefas

b. Tentarase de contactar cos pais ou titores vía classroom e acordarase con eles una vía para levar a cabo a docencia non presencial do alumnado que non entrega as tarefas e/ou non se conecta ás videoconferencias.

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística. Está presente no desenvolvemento de todas as unidades. As lecturas e debates que se levarán a cabo permitirán a familiarización e uso da linguaxe económica, ademais de contribuír a unha mellor expresión oral.

Competencia matemática. Tratamento estatístico dos datos e lectura de gráficos e mapas.

Competencia dixital: desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, así como o emprego de follas de cálculo para realizar exercicios e aplicacións para presentar traballos. Tratarase de mellorar a procura selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), a súa análise, ordenación e interpretación.

Competencia para aprender a aprender: desenvólvese en todas as unidades. O alumnado vai construíndo o seu propio coñecemento. As explicacións da profesora son mínimas; esta límitase a proporcionar material relevante e adecuado ás características cognitivas e aos intereses do alumnado, encauzar o proceso de aprendizaxe, facilitalo e motivar ao alumnado.

Competencias sociais e cívicas: o traballo en equipo, o manexo de textos de actualidade, os debates sobre temas socio-económicos,... fomentan a adquisición destas competencias. Está presente en todos os bloques.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: a metodoloxía, o traballo individual e en equipo, e os debates, fomentan a iniciativa persoal e a motivación.

Conciencia e expresións culturais. No estudo da realidade dos países é fundamental o aspecto cultural. Trataranse os grupos relixiosos, políticos, étnicos,... e a discriminación das mulleres e de determinados colectivos nalgúns culturas.

### 4 . Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Non procede.

### 5. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado. Medidas metodolóxicas e organizativas

Non procede.

### 6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais

Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Introducción ás relacións internacionais				
a b c e	B1.1. Que se entende por Xeopolítica.	B1.1.1 Explicar que se entende por Xeopolítica	XCB1.1.1. Distingue cuestións relativas á disciplina da Xeopolítica.	CL, CD, AA
g h	B1.2. Conceptos relativos á Xeopolítica	B1.2.2 Describir os intereses fundamentais dos países e os niveis de acción	XCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, relativa á soberanía das potencias.	CL
		B1.2.3 Manexar os conceptos de: soberanía, realpolitik, soft power,	XCB1.1.3. Describe os principais conceptos relacionados coa Xeopolítica.	
a b c d e	B1.5. Institucións internacionais	B1.5. Enumerar e describir o funcionamento das principais institucións internacionais	XCB1.5. Realiza un esquema coas principais institucións de ámbito internacional, a súa función e a relación entre elas.	CL, CD
a b c d e f g h	B1.6. A guerra da información. Fake news. Auxe dos populismos	B1.6.1. Explicar o emprego da información e das fake news por parte de diversos países.	XCB1.6.1. Recopila información en internet sobre un tema e diferencia a información veraz da outra. Efectúa hipóteses sobre as razóns da desinformación.	CL, CD, AA, CSC, IEE
		B1.6.2. Describir as causas do populismo	XCB1.6.2. Analiza as causas do populismo nun país europeo.	
		B1.6.3. Identificar os principais movementos populistas de Europa	XCB1.6.3. A partir de textos, identifica os movementos populistas máis significativos na actualidade en países europeos.	
Xeopolítica contemporánea				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e f l	B1.7. Os lobbies e o poder das multinacionais.	B1.7.1. Identificar e describir os principais lobbies.	XCB1.7.1. Recopila información sobre a actuación dos grupos de presión no ámbito da política. Expón os resultados da investigación; emprega unha lingua estranxeira.	CL, CM, AA, CS, IEE
		B1.7.2. Identificar os procedementos das multinacionais farmacéuticas para aumentar os beneficios. O negocio da enfermidade.	XCB1.7.2. Tras ver unha película sobre o poder das multinacionais farmacéuticas, busca en internet información e expresa unha opinión razoada sobre o tema.	
Bloque 2. Oriente Medio				
a b	B2.1. Ramas do islam: suníes,	B2.1.1. Describir a distribución da	XCB2.1.1. Compara a distribución de poboación dos países de Oriente Medio.	CL, CM, CD



c d e h	kurdos, chiítas	poboación segundo o grupo étnico-relixioso ao que pertence		
		B2.1.2. Describir os efectos xeopolíticos debidos á rivalidade entre os grupos do islam.	XCB2.1.2. Analiza as implicacións da distribución de poboación na xeopolítica e a actuación dos gobernos respecto ás minorías étnico-relixiosas.	
a b c d e g h	B2.2. Turquía: - relacións con EEUU - relacións coa U.E. - relacións con outros países de Oriente Medio	B2.2.1. Describe as relacións entre Turquía e EEUU. B2.2.2. Describir as relacións entre Turquía e a U.E. B2.2.3. Describir as relacións entre Turquía e países de Oriente Medio.	XCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución da relación entre Turquía e EEUU. XCB2.2.2. Elabora un eixe cronolóxico coa evolución das relacións entre Turquía e a U.E. XCB2.2.3. Analiza comparativa e esquematicamente as relacións entre Turquía e diferentes países de Oriente Medio.	CL, CD, AA
a b d e g h	B2.3. Irán: relacións cos diferentes países de Oriente Medio. Relacións con EEUU	B2.3.1. Describir as relacións entre Irán e os países veciños. B2.3.2. Describir as relacións entre Irán e EEUU.	XCB2.3.1. Realiza un esquema que amose as relacións entre Irán e os países do entorno. XCB2.3.2.1. Analiza aspectos que expliquen as relacións entre Irán e EEUU. XCB2.3.2.2. Reúne información sobre a enerxía nuclear e participa nun debate sobre a cuestión. XCB2.3.2.3. Debate en torno á cuestión do programa nuclear de Irán.	CL, CM, CS, IEE
a b c d e g h	B2.4. Relacións de Arabia Saudí cos países veciños.	B2.4. Explicar a actuación de Arabia Saudí respecto a países do Golfo Pérsico	XCB2.4.1. Realiza un esquema que recolla a rede de alianzas entre os países de Oriente Medio. XCB2.4.2. Comenta textos de xeopolítica de Arabia Saudí na zona do Golfo Pérsico.	CL, CD, AA
a b	B2.5. A primavera árabe. Si-	B2.5.1. Analizar e seleccionar textos que	XCB2.5.1. Explica os motivos que levaron á primavera árabe.	CL, CD, AA, IEE
	Xeopolítica contemporánea			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c d e g h	ria	identifiquen as características da primavera árabe. B2.5.2. Describir como se desencadeou a primavera árabe en Siria e en Túnez. B2.5.3. Coñecer os intereses detrás da intervención de diversos países nos	XCB2.5.2. Realiza un friso cronolóxico cos principais acontecementos relativos á primavera árabe en Siria e en Túnez. XCB2.5.3. Elaborar, a partir de diversas fontes de información, un texto que explique os motivos que subxacen á intervención de terceiros nos conflitos de Siria.	

		conflictos de Siria.		
a b c d e h	B2.6. Israel e os territorios palestinos	B2.6.1. Coñecer as orixes do conflito Palestina-Israel.	XCB2.6.1.1. Realiza unha cronoloxía cos fitos no conflito entre Palestina e Israel. XCB2.6.1.2. Elabora un mapa coa situación territorial en 1948 e outro coa situación en 2020. XCB2.6.1.3. Elabora unha cronoloxía coas diversas iniciativas de paz nos territorios de Israel e Palestina.	CL, CM, CD, AA
		B2.6.2. Analizar as relacións de Israel co resto do mundo dende a perspectiva do conflito palestino.	XCB2.6.2.1. Recopila información sobre conflitos entre Israel e os países veciños. XCB2.6.2.2. Recopila información sobre o gasto en defensa de Israel, dos países do entorno, da UE, de Rusia e de EEUU, plásmala en gráficos e coméntalos.	
		B2.6.3. Analizar a intervención de organismos internacionais e dos mediadores no conflito	XCB2.6.3. Explica o papel da ONU e doutros organismos e institucións no conflito.	
		B2.6.4. Describir as relacións entre Israel e EEUU e a súa evolución	XCB2.6.4.1. Reúne información sobre a historia das relacións entre Israel e EEUU. XCB2.6.4.2. Explica as causas detrás do apoio que recibe Israel de EEUU	
a b c d e g h	B2.7. A discriminación nos países árabes	B2.7.1. Analiza a situación das mulleres no mundo árabe.	XCB2.7.1. Compara a situación das mulleres nos distintos países árabes.	CL, AA, CSC
		B2.7.2. Describe brevemente a situación das minorías no mundo árabe.	XCB2.7.2. Reúne información sobre o tratamento das minorías étnicas e relixiosas e das minorías sexuais nos países árabes.	
	Bloque 3: Rusia			
a c d e h	B3.1. Rusia	B3.1.1. Enumerar as fortalezas e as debilidades de Rusia.	XCB3.1.1.1. Compara o PIB, a poboación, a superficie, o comercio exterior, os recursos naturais, o gasto en defensa e o gasto en programas espaciais de Rusia co doutras potencias.	CL, CM, CD, AA
	Xeopolítica contemporánea			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i		B3.1.2. Explicar a desintegración da U.R.S.S. O legado da Guerra Fría	XCB3.1.2.1. A partir de textos, explica a situación creada tras a Segunda Guerra Mundial e o tratado de Ialta. XCB3.1.2.2. Reúne información sobre a desintegración da Unión Soviética. XCB3.1.2.3. Reúne información sobre as manobras militares de Rusia e a OTAN nos territorios fronteirizos entre a UE e Rusia.	
		B3.1.3. Describir as relacións coas ex-repúblicas soviéticas	XCB3.1.3.1. Busca información en internet sobre as relacións entre Rusia e as exrepúblicas soviéticas, XCB3.1.3.2. Localiza nun mapa as e-repúblicas	

			soviéticas	
A b d e g h i	B3.2. Política exterior rusa	B3.2.1. Explicar as relacións coa Unión Europea.	XCB3.2.1. Extrae de fontes de información online información sobre a cooperación estratéxica en diferentes ámbitos entre a Unión Europea e Rusia dende a caída do muro de Berlín. XCB3.2.2. Elabora un texto sobre as relacións diplomáticas e comerciais entre Rusia e a UE dende a desintegración da URSS.	CL, CD, AA, CSC
		B3.2.3. Describir os intereses que están detrás da alianza con China	XCB3.2.3. Reúne información sobre a alianza política e comercial entre Rusia e China e debate cos compañeiros sobre ela.	
		B3.2.4. Coñecer a evolución das relacións con EEUU. dende o fin da Guerra Fría.	XCB3.2.4. Plasma nunha cronoloxía os feitos máis significativos das relacións comerciais e diplomáticas entre EEUU e Rusia dende 1990.	
a b c d e h	B3.3. Intervención de Rusia nos procesos electorais e nos referendos doutros países	B3.3. Describir, a partir de información obtida en internet, a implicación de Rusia en diversos procesos electivos fóra do país.	XCB3.3.1. Recopila información sobre a intervención de Rusia en diversos procesos electorais e referendos e as súas causas. XCB3.3.2. Explica as causas da intervención de Rusia no Brexit e nas últimas eleccións presidenciais de EEUU.	CL, CD, AA
a b d e h	B3.5. Kaliningrado: enclave ruso en territorio UE.	B3.5. Explicar os obxectivos perseguidos coa militarización de Kaliningrado.	XCB3.5. A partir de material en internet, tanto escrito como audiovisual, elabora un texto sobre o uso que está facendo Rusia de Kaliningrado.	CL, CD, AA
	Bloque 4. China .			
a b c d e h	B4.1. China	B4.1. Describir o sistema político e económico e os principais aspectos demográficos de China	XCB4.1. A partir da información subministrada, describe nun documento escrito as características máis importantes de China nos aspectos político, económico e demográfico.	CL, CM, CD, AA
		B4.2. Describir os recursos de China	XCB4.2. Traza un mapa que indique os recursos naturais dos que dispón China e os que adquire a outros países.	
	Xeopolítica contemporánea			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e g h	B4.2. Rivalidade Xapón-China	B4.2. 1. Analizar as causas da rivalidade e a evolución. B4.2.2.. Enumerar os conflitos entre China e Xapón ao longo dos últimos séculos.	XCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con fitos na rivalidade entre ambas potencias. XCB4.2.2. Sinala os intereses que subxacen na rivalidade entre Xapón e China XCB4.2.3 Comenta un texto acerca dun conflito entre ambos países.	CL, CD, AA
a b	B4.3. Outros conflitos	B4.3.2. Enumerar e describir outros	XCB4.3.2.1. Recopila información sobre a disputa territorial do Mar de China e plásmo	CL, CM, CD

d e g h		conflitos de China con países do seu entorno.	nun texto ben estruturado. XCB4.3.2.2. A partir de información subministrada pola profesora, realizar unha exposición escrita doutros conflitos de China con outros países	
a b d e h	B.4.4. A nova ruta da seda	B4.4. Analizar o plan de infraestruturas chino.	XCB4.4.1. Recolle nun mapamundi os plans da nova ruta da seda. XCB4.4.2. Elabora textos de análise sobre os intereses que guían o plan estratéxico chino.	CL, CM, CD
Bloque 5: América a Latina. África				
	B5.1. América Latina: Actores principais, recursos e características comúns.	B5.1.1. Explicar as características comúns á maior parte dos países de América Latina.	XCB5.1.1.1. Sinala os problemas máis importantes nos países de América Latina.	CL, CM, AA, CD, CSC, CEC
		B5.1.2.. Sinalar os países con maior peso internacional e indicar o réxime político e os datos máis destacados.	XCB5.1.2. Recopila datos sobre os 5 países de América Latina con maior PIB e realizar un traballo sobre os mesmos que inclúa: réxime político, actividade económica, cultura e sociedade, e relacións cos países veciños e con outros continentes.	
		B5.1.3. Describir a evolución das relacións entre EEUU e diversos países de América Latina	XCB5.1.3. Elabora unha infografía que recolla as intervencións de EEUU nalgúns países de América Latina e os intereses en xogo.	
a b c d e g h, l	B5.2. África: Actores principais e intereses en xogo.	B5.2.1. Identificar os países africanos con máis peso internacional.	XCB5.2.1. Realiza unha síntese do réxime político, os recursos naturais e os principais problemas dos países africanos con máis peso político e económico.	CL, CD, AA, CEC
		B5.2.2. Describir as características comúns á maior parte de África.	XCB5.2.2.1. Comenta e contextualiza un texto de actualidade sobre un país africano. XCB5.2.2.2. Tras ver unha película sobre un conflito entre EEUU e un país de América Latina, reúne información sobre o tema e expón razoadamente a túa postura acerca do conflito.	
		B5.2.3. Analizar a actuación económica de China no continente.	XCB5.2.3.1. Realiza un esquema coas actuacións máis importantes de China en África XCB5.2.3.2. Establece de xeito razoado os factores que explican a actuación de China no continente africano.	
Bloque 5: América Latina. África				
	B5.1. América Latina: Actores principais, recursos e características comúns.	B5.1.1. Explicar as características comúns á maior parte dos países de América Latina.	XCB5.1.1.1. Sinala os problemas máis importantes nos países de América Latina.	CL, CM, AA, CD, CSC, CEC
Bloque 6. Xeopolítica do petróleo, o gas, a auga e a area.				
a b d e	B8.1. Rusia e o subministro de	B8.1.1. Explicar como Rusia aumenta a	XCB8.1.1. Analiza o manexo do subministro de gas e petróleo para ganar influencia en Europa.	CL, CD, AA

h	petróleo e gas	influencia sobre os países europeos a través do abastecemento de petróleo e gas.		
a b c d e h	B8.2. Xeopolítica da auga: Latinoamérica, África e Oriente Medio	B8.2 Identificar os principais problemas ligados á escaseza de auga e as accións para resolvelos.	XCB8.2.1. Elabora un texto que describa os problemas ligados á escaseza de auga. Pon exemplos de países que sufriron crises nos últimos anos ligadas á escaseza de auga. XCB8.2.2. Recopila información sobre os países con maior concentración de auga potable e sobre os que están en risco de crise pola escaseza dese recurso.	CL,, CM, CD, AA, CSC
<b>Bloque 7. Tensións separatistas</b>				
a b c d e g h	B10.1. Algunhas rexións con tensións separatistas: En Europa: Escocia, Véneto, Bélxica, Córcega, Cataluña, illas Feroe, Transnistria. En Asia: Cachemira En América: Quebec.	B10.1. Explicar as causas dos movementos separatistas en países seleccionados.	XCB10.1.1. Recopila información sobre diversas zonas con conflitos separatistas. XCB10.1.2. A partir de documentos escritos e audiovisuais, analiza as causas e a evolución de determinados conflitos separatistas. XCB10.1.3. Sitúa nun mapamundi as rexións con tensións separatistas.	CL, CD, AA, CSC
a b c d e h	B10.2. A intervención estranxeira nos conflitos independentistas.	B10.2. Describir os intereses detrás da intervención de terceiros países nos conflitos separatistas.	XCB10.2. Recopila información sobre a implicación das potencias estranxeiras nos movementos separatistas e elabora un texto coa información obtida.	CL, CD, AA, CSC

Os contidos a impartir adaptaranse á actualidade xeopolítica.

## 7 . Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de :

### - Obxectivos e contidos desenvolvidos

Os que figuran na táboa anterior. Porén, dado que a materia busca fomentar no alumnado o interese pola situación política, económica e social dos diferentes países e dar a coñecer os conflitos máis relevantes da actualidade, poderanse introducir novos contidos en detrimento dos que aparecen na táboa.

Na aula virtual do centro figurarán as asignacións de tarefas ao alumnado, a ponderación de cada unha e as rúbricas de avaliación.

### - Temporalización

1º trimestre: bloques 1 e 2

2º trimestre: bloques 3 e 4

3º trimestre: bloques 5, 6 e 7

### - Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Situar o 80% dos países no mapa e coñecer as capitais
- Comprender e manexar un vocabulario básico
- Coñecer en que países se encontran os recursos naturais máis importantes
- Explicar a situación actual en Oriente Medio e as causas
- Describir o conflito entre Israel e Palestina e as súas implicacións
- Describir o programa de infraestruturas de China e os intereses que subxacen na súa política internacional
- Explicar a política exterior de Rusia
- Identificar os principais problemas de América Latina e de África
- Describir o problema da escaseza da auga e da area

### - Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

- observación (participación no desenvolvemento das clases e calidade das intervencións )
- realización correcta dos exercicios e actividades propostos
- participación en debates
- exposicións orais
- a realización de traballos en equipo
- os coñecementos de Xeografía nos concursos de mapas interactivos

## 8 . Concrecións metodolóxicas da materia

- Breve explicación introdutoria
- Textos, preferentemente en formato dixital, para ler e comentar
- Combinación de estudos de caso individuais co traballo en equipo
- Exposición des casos, individual e en equipo
- Busca de información
- Debates
- Comentarios de textos
- Elaboración de mapas
- Visionado de documentais e películas
- Realización de infografías

## 9 . Materiais e recursos didácticos

- Aula de informática (ordenadores con acceso a internet )
- Artigos de xornais e revistas, blogs
- Libros
- Documentais e películas

- Libre office ou Microsoft office
- Mapas en papel e online
- Aplicacións de creación de infografías
- Fichas temáticas sobre a UE (<https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/home> )

## 10 . Criterios de cualificación e promoción do alumnado

A cualificación está formada por:

- notas de clase: 70%
- exame: 30%

Porén, o exame poderase substituír por traballos, se o profesor o cre conveniente.

## 11 . Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

### 11.1. Alumnado que non supera a materia na convocatoria de maio

O alumnado que na convocatoria ordinaria de maio non superara algún trimestre, deberá, entre a data da avaliación ordinaria de maio e o 22 de xuño, elaborar e entregar o(s) traballo(s) correspondente(s) ao(s) mesmo(s), realizados de acordo coas pautas dadas pola profesora.

O alumnado deberá realizar como mínimo un terzo de cada traballo pendente de maneira presencial durante a sesión semanal da materia. En caso contrario, deberá examinarse dos contidos relativos aos traballos asignados ao alumnado para cada trimestre a recuperar.

Na convocatoria extraordinaria de xuño, os trimestres pendentes non poderán obter unha cualificación superior a 5 puntos.

### 11.2. Alumnado que superou a materia na convocatoria de maio

Estes/estas estudantes poden elixir entre dúas opcións para subir nota:

- Mellorar os traballos entregados
- Expoñer algún dos traballos realizados ou realizar vídeos cos contidos a avaliar

O alumnado que obtivera un 10 na avaliación extraordinaria de maio poderá realizar un traballo de ampliación ou expoñer un traballo en equipo con aqueles/as que deben recuperar algún trimestre.

## 12. Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos ( Bach )

## 13 . Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

	INDICADORES	VALORACIÓN	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
--	-------------	------------	-------------------------------------

1	Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
2	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.		
3	Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación didáctica e axustado sempre, o máis posible ás necesidades e intereses do alumnado.		
4	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten seguir o progreso dos alumnos e comprobar o grado en que acadan as aprendizaxes.		
5	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (sexa por nivel, ciclo, departamentos, profesores de apoio...)		
6	Propoño situacións introdutorias ao tema a tratar ( traballos, diálogos, lecturas)		
7	Manteño o interese do alumnado, partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		
8	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos		
9	Estruturo os contidos dando unha visión xeral de cada tema		
10	Facilito a adquisición de novos contidos a través de esquemas, exemplos, sínteses,...		
11	Propoño ao meu alumnado actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).		
12	Propoño actividades que aseguran la adquisición de los obxectivos didácticos previstos y las habilidades y técnicas instrumentais básicas.		
13	Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.		
14	Utilizo recursos didácticos variados, tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
15	Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar		
16	Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro a participación de todos....		



17	Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dando pistas, feedback,...		
18	As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e desde unhas perspectivas non discriminatorias.		
19	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.		
20	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.		
21	Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
22	Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloraras, e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
23	En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
24	Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información ( rexistro de observacións, carpeta do alumno, ficha de seguimento, diario de clase, taboleiro de anuncios,...)		
25	Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza- aprendizaxe ( motivación, contidos, actividades, ...).		
26	Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.		
27	Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores, o do Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica e/ou Departamento de Orientación.		
28	Contemplo outros momentos de avaliación inicial: ao inicio dun tema, de unidade didáctica, de novos bloques de contido...		
29	Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos ( conceptuais, procedimentais, actudinais).		

#### 14. Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados

Preguntas sobre temas de actualidade.

#### 15 . Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

Todo o alumnado dispón de ordenador con acceso a internet. Todo o material se sube a classroom.

#### 16 . Concreción dos elementos transversais en cada curso

Os contidos transversais que se van tratar durante as clases son:

- educación moral e cívica
- igualdade de homes e mulleres
- combater o sexismo
- non discriminación
- educación para a paz e a resolución pacífica dos conflitos
- liberdade de expresión, dentro do respecto de todas as culturas
- respecto de todas as minorías (étnicas, relixiosas,... )
- protección do medio ambiente
- consumo responsable

#### 17 . Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Se a situación sanitaria o permite, unha excursión de fin de semana.

#### 18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

	INDICADORES	VALORACIÓN (1, 2, 3)	PROPOSTAS DE MELLORA
1	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula segundo as particularidades do alumnado.		
4	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5	Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e		

	recursos axustados á programación e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6	Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado		
7	Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns.		

## PLAN LECTOR

O pouco tempo que se concede aos xefes de departamento para a elaboración das programacións non permite coñecer suficientemente as características do alumnado. Por este motivo, o plan lector apenas está definido: a profesora deberá ir modificándoo para adaptarse aos estudantes a medida que detecten as súas necesidades e carencias e se identifique os seus intereses.

Por outra parte, o material predominante na clase van ser os artigos xornalísticos e os documentais.

### 1 . Alumnado de Economía 4º E.S.O

- Artigos xornalísticos diversos
- Algunhas historias do libro "Relatos de lo inesperado", de Roald Dahl
- "El guardián entre el centeno", de J. D. Salinger

### 2 . Alumnado de Economía 1º bacharelato

- Textos xornalísticos
- Algunhas historias curtas de Margaret Atwood e de Alice Munro

### 3 . Alumnado de Introducción á Xeopolítica Contemporánea

A materia impártese principalmente a través de textos xornalísticos, e en menor medida botando man de documentais, vídeos explicativos e noticias en internet sobre temas de Xeopolítica.

### 4 . Alumnado de Economía da Empresa

- Textos xornalísticos
- Algunhas historias cortas de Margaret Atwood e de Alice Munro
- Algunhas historias do libro "Relatos de lo inesperado", de Roald Dahl
- "El guardián entre el centeno", de J. D. Salinger
- Fragmentos de "Viajes al otro lado del mundo", de David Attenborough

### 5 . Alumnado de Xeopolítica Contemporánea

A materia impártese principalmente a través de textos xornalísticos, e en menor medida botando man de documentais, vídeos explicativos e noticias en internet sobre temas de Xeopolítica.